LUNS 18 MARZO 2019 • ANO XIII – Nº 537 • Correo: liderlugo@lavoz.es
La Voz de Galicia

# 1 Líder




# TÁBOAS NO DERBI

O Lugo B volveu a pescar ante o Rácing Villalbés na Liga Galega cadete. Os de Seoane, que xa gañaran na ida, sumaron un punto co que collen un pouco de osixeno na clasificación. Hugo adiantou aos capitalinos e Iago Gesto devolveu o empate ao marcador no segundo tempo de dominio chairego

LIGA GALEGA CADETE

## Vitoria e xornada redonda para os intereses da Milagrosa

Os de Madriles sufriron para impoñerse ao Orillamar cun gol de Miguel. Pero as derrotas de Lalín e Victoria B dánlle aire aos da Frigsa

REPORTAXE

## Adrián Rodríguez, Pirata, un lucense coa Selección Española sub 19 de fútbol sala

O xogador, formado no fútbol base provincial, debutará o próximo luns en partido oficial

LIGA NACIONAL XUVENIL

## O Lugo B gústase e pon terra de por medio co descenso

Cuarta vitoria consecutiva para os de Manuel Mourelos na categoría de prata do fútbol xuvenil. Ante o Santa Mariña era un encontro clave e os lucenses dominaron con autoridade no xogo e no marcador final na Cheda co 4-0 co que rematou o encontro



1. Líder

# Clasificacións » Ligas Superiores e Provinciais

## XUVENIL D. DE HONRA

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| R. Oviedo – CD Lugo | 1-0 |
| Ural – Val Miñor | 2-1 |
| R. Ferrol – TSK Roces | 3-2 |
| Bansander – Deportivo | 1-3 |
| R. Santander – RC Celta | 1-3 |
| Alondras – Colindres | 4-4 |
| Pontevedra – Covadonga | 1-1 |
| At. Perines – Sp. Gijón | 0-1 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTOS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| RC CELTA | 71 | 27 | 23 | 2 | 2 | 68 | 21 |
| SPORTING GIJÓN | 65 | 27 | 20 | 5 | 2 | 78 | 21 |
| R SANTANDER | 56 | 27 | 17 | 5 | 5 | 67 | 28 |
| URAL CF | 48 | 27 | 15 | 3 | 9 | 51 | 43 |
| **CD LUGO** | **47** | **27** | **14** | **5** | **8** | **49** | **33** |
| RC DEPORTIVO | 47 | 27 | 14 | 5 | 8 | 54 | 27 |
| REAL OVIEDO | 45 | 27 | 13 | 6 | 8 | 41 | 23 |
| ATL PERINES | 33 | 27 | 9 | 6 | 12 | 41 | 53 |
| BANSANDER | 33 | 27 | 10 | 3 | 14 | 40 | 55 |
| RACING FERROL | 31 | 27 | 8 | 7 | 12 | 35 | 49 |
| PONTEVEDRA CF | 29 | 27 | 9 | 2 | 16 | 30 | 52 |
| ED VAL MIÑOR | 27 | 27 | 7 | 6 | 14 | 28 | 44 |
| TSK ROCES | 27 | 27 | 8 | 3 | 16 | 38 | 61 |
| CD COVADONGA | 23 | 27 | 5 | 8 | 14 | 27 | 51 |
| CD COLINDRES | 15 | 27 | 3 | 6 | 18 | 21 | 60 |
| ALONDRAS CF | 13 | 27 | 3 | 4 | 20 | 19 | 66 |

### PRÓXIMA XORNADA

Bansander – Alondras
CD Lugo – Ural CF
TSK Roces – R. Santander
Val Miñor – Colindres
Covadonga – At. Perines
RC Celta – Pontevedra
Sp. Gijón – R. Oviedo
Deportivo – R. Ferrol

## XUVENIL LIGA NACIONAL

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Orillamar – Pabellón | 0-2 |
| Porriño – Conxo | 2-0 |
| CD Lugo B – Sta. Mariña | 4-0 |
| Val Miñor B – RC Villalbés | 2-4 |
| RC Celta B – CD Areosa | 2-0 |
| Arosa SC – CD Lerez | 1-1 |
| Choco – R. Bouzas | 2-0 |
| Victoria – Calasanz | 1-2 |
| Deportivo B – Valladares | 12-2 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTOS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C.CELTA "B" | 67 | 26 | 22 | 1 | 3 | 82 | 24 |
| C.D. CALASANZ | 57 | 26 | 17 | 6 | 3 | 43 | 22 |
| VICTORIA C.F. | 49 | 26 | 15 | 4 | 7 | 59 | 41 |
| DEPORTIVO "B" | 49 | 26 | 15 | 4 | 7 | 61 | 27 |
| C.D. CONXO | 46 | 26 | 14 | 4 | 8 | 60 | 47 |
| PABELLON C.F. | 44 | 26 | 13 | 5 | 8 | 44 | 28 |
| C.D. CHOCO | 42 | 26 | 13 | 3 | 10 | 51 | 35 |
| **RC VILLALBES** | **41** | **26** | **12** | **5** | **9** | **38** | **39** |
| C.D. AREOSA | 38 | 26 | 12 | 2 | 12 | 40 | 39 |
| PORRIÑO C.F. | 38 | 26 | 11 | 5 | 10 | 49 | 47 |
| RAPIDO BOUZAS | 32 | 26 | 8 | 8 | 10 | 27 | 31 |
| E.D. VAL MIÑOR | 30 | 26 | 7 | 9 | 10 | 34 | 47 |
| **C.D. LUGO "B"** | **28** | **26** | **8** | **4** | **14** | **41** | **54** |
| VALLADARES | 26 | 26 | 7 | 5 | 14 | 41 | 64 |
| AROSA S.C. | 21 | 26 | 5 | 6 | 15 | 23 | 41 |
| SANTA MARIÑA | 21 | 26 | 5 | 6 | 15 | 26 | 41 |
| ORILLAMAR S.D. | 20 | 26 | 6 | 2 | 18 | 28 | 75 |
| C.D. LEREZ | 11 | 26 | 2 | 5 | 19 | 31 | 76 |

### PRÓXIMA XORNADA

Valladares – Orillamar
CD Areosa – Arosa SC
Pabellón – Porriño
CD Lerez – Choco
Conxo – CD Lugo B
R. Bouzas – Victoria
Sta. Mariña – Val Miñor B
Calasanz – Deportivo B
RC Villalbés – RC Celta B

## XUVENIL GALEGA NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Ural B – At. Arteixo | 4-1 |
| Compostela – Victoria B | 2-2 |
| Residencia – Estrada | 3-3 |
| As Pontes – Bergantiños | 1-1 |
| G. Caranza – Viveiro CF | 0-2 |
| Montañeros – Dumbria | 2-0 |
| EF Lalín – At. Riveira | 7-2 |
| Conxo B – Betanzos | 3-1 |
| O Val – Boiro | 2-0 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTOS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| E.F. LALIN | 65 | 26 | 20 | 5 | 1 | 83 | 31 |
| MONTAÑEROS C.F. | 55 | 26 | 16 | 7 | 3 | 53 | 22 |
| BERGANTIÑOS C.F. | 55 | 26 | 16 | 7 | 3 | 59 | 23 |
| S.D. O VAL | 54 | 26 | 17 | 3 | 6 | 61 | 31 |
| S.D. COMPOSTELA | 47 | 26 | 14 | 5 | 7 | 47 | 36 |
| **VIVEIRO C.F. "A"** | **46** | **26** | **13** | **7** | **6** | **48** | **41** |
| C.F. DUMBRIA | 44 | 26 | 13 | 5 | 8 | 42 | 33 |
| C.D. BOIRO | 40 | 26 | 12 | 4 | 10 | 46 | 43 |
| ESTRADA FB | 39 | 26 | 12 | 3 | 11 | 39 | 44 |
| URAL C.F. "B" | 39 | 26 | 11 | 6 | 9 | 50 | 37 |
| VICTORIA C.F. "B" | 34 | 26 | 10 | 4 | 12 | 43 | 46 |
| C.D. CONXO "B" | 31 | 26 | 10 | 1 | 15 | 44 | 43 |
| GALICIA CARANZA | 29 | 26 | 8 | 5 | 13 | 49 | 52 |
| **S.D. RESIDENCIA** | **27** | **26** | **7** | **6** | **13** | **44** | **59** |
| C.D. AS PONTES | 20 | 26 | 5 | 5 | 16 | 28 | 46 |
| AT. DE RIVEIRA | 17 | 26 | 5 | 2 | 19 | 43 | 92 |
| AT. ARTEIXO | 11 | 26 | 2 | 5 | 19 | 31 | 73 |
| BETANZOS C.F. | 8 | 26 | 2 | 2 | 22 | 21 | 79 |

### PRÓXIMA XORNADA

Boiro – Ural B
Viveiro CF – Montañeros
At. Arteixo – Compostela
Dumbria – EF Lalin
Victoria B – Residencia
At. Rivera – Conxo B
Estrada – As Pontes
Betanzos – O Val
Bergantiños – G. Caranza

## XUVENIL GALEGA SUR

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Ribadumia – Comesaña | 2-2 |
| Coruxo – A Seca | 1-1 |
| Calasancio – Choco B | 1-0 |
| Barco – UD Ourense | 1-3 |
| Alondras B – Barbadas | 1-2 |
| Ourense CF – Verín | 5-0 |
| Vila Corpus – Monteporreiro | 0-0 |
| Portonovo – AJ Lérez | 3-1 |
| Pabellón B – Tomiño | 6-5 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OURENSE C.F. | 65 | 26 | 21 | 2 | 3 | 87 | 29 |
| U.D. OURENSE | 62 | 26 | 19 | 5 | 2 | 66 | 24 |
| MONTEPORREIRO | 48 | 26 | 15 | 3 | 8 | 58 | 38 |
| A.J. LEREZ | 44 | 26 | 14 | 2 | 10 | 67 | 38 |
| PABELLON "B" | 44 | 26 | 12 | 8 | 6 | 64 | 37 |
| U.D. BARBADAS | 40 | 26 | 12 | 4 | 10 | 34 | 37 |
| PORTONOVO S.D. | 37 | 26 | 11 | 4 | 11 | 45 | 48 |
| ALONDRAS C.F. "B" | 35 | 26 | 10 | 5 | 11 | 45 | 48 |
| CORUXO F.C. | 35 | 26 | 9 | 8 | 9 | 45 | 44 |
| U.D. COMESAÑA | 34 | 26 | 10 | 4 | 12 | 46 | 57 |
| C.D. RIBADUMIA | 34 | 26 | 9 | 7 | 10 | 45 | 52 |
| **C.P. CALASANCIO** | **33** | **26** | **9** | **6** | **11** | **32** | **35** |
| A.D. TOMIÑO | 31 | 26 | 9 | 4 | 13 | 67 | 71 |
| A.C.D. A SECA | 30 | 26 | 9 | 3 | 14 | 45 | 53 |
| VILA DO CORPUS | 28 | 26 | 8 | 4 | 14 | 36 | 51 |
| E.D.C. VERIN | 22 | 26 | 5 | 7 | 14 | 38 | 64 |
| C.D. CHOCO "B" | 21 | 26 | 5 | 6 | 15 | 32 | 66 |
| C.D. BARCO | 17 | 26 | 5 | 2 | 19 | 27 | 87 |

### PRÓXIMA XORNADA

Tomiño – Ribadumia
Barbadas – Ourense
Comesaña – Coruxo
Verin – Vila Corpus
A Seca – Calasancio
Monteporreiro–Portonovo
Choco B – Barco
AJ Lerez – Pabellón B
UD Ourense – Alondras B

## CADETE DIVISIÓN HONRA

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Ural – Pabellón | 0-1 |
| Coruxo – Conxo | 0-1 |
| CD Lugo – Sta. Mariña | 3-0 |
| Ourense CF – Bergantiños | 2-3 |
| RC Celta – CD Areosa | 5-0 |
| Montañeros – Pontevedra | 1-2 |
| R. Ferrol – San Tirso | 0-1 |
| Victoria – Calasanz | 0-4 |
| Deportivo – Val Miñor | 5-1 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C.CELTA S.A.D. | 72 | 26 | 24 | 0 | 2 | 108 | 15 |
| R.C. DEPORTIVO | 65 | 25 | 21 | 2 | 2 | 79 | 18 |
| URAL C.F. | 54 | 26 | 17 | 3 | 6 | 43 | 24 |
| **C.D. LUGO** | **48** | **26** | **15** | **3** | **8** | **60** | **40** |
| PABELLON C.F. | 43 | 26 | 13 | 4 | 9 | 43 | 34 |
| C.D. CALASANZ | 41 | 26 | 12 | 5 | 9 | 33 | 33 |
| SAN TIRSO S.D. | 37 | 26 | 11 | 4 | 11 | 45 | 39 |
| C.D. CONXO | 37 | 26 | 10 | 7 | 9 | 34 | 32 |
| VAL MIÑOR | 36 | 26 | 10 | 6 | 10 | 44 | 43 |
| PONTEVEDRA C.F. | 35 | 26 | 11 | 2 | 13 | 42 | 41 |
| CORUXO F.C. | 35 | 26 | 10 | 5 | 11 | 35 | 36 |
| RACING FERROL | 31 | 26 | 9 | 4 | 13 | 33 | 59 |
| VICTORIA C.F. | 29 | 26 | 9 | 2 | 15 | 38 | 52 |
| BERGANTIÑOS C.F. | 27 | 26 | 6 | 9 | 11 | 34 | 61 |
| OURENSE C.F. | 24 | 25 | 6 | 6 | 13 | 32 | 52 |
| SANTA MARIÑA | 20 | 26 | 5 | 5 | 16 | 22 | 57 |
| C.D. AREOSA | 14 | 26 | 3 | 5 | 18 | 28 | 69 |
| MONTAÑEROS C.F. | 13 | 26 | 3 | 4 | 19 | 21 | 69 |

### PRÓXIMA XORNADA

Val Miñor – Ural
CD Areosa – Montañeros
Pabellón – Coruxo
Pontevedra – R. Ferrol
Conxo – CD Lugo
San Tirso – Victoria
Sta. Mariña – Ourense CF
Calasanz – Deportivo
Bergantiños – RC Celta

## CADETE GALEGA NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Ural B – Deportivo B | 0-4 |
| Bertamiráns – Victoria B | 4-0 |
| Dumbria – Estrada | 2-2 |
| San Tirso – Bergantiños B | 1-1 |
| G. Caranza – Viveiro CF | 2-1 |
| RC Villalbés – CD Lugo B | 1-1 |
| Orillamar – Milagrosa | 0-1 |
| X. Oroso – Calasanz B | 5-1 |
| R. Ferrol B – EF Lalín | 4-0 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| BERTAMIRANS C.F. | 72 | 26 | 23 | 3 | 0 | 67 | 15 |
| X. OROSO | 64 | 26 | 20 | 4 | 2 | 86 | 30 |
| DEPORTIVO "B" | 50 | 26 | 15 | 5 | 6 | 63 | 28 |
| **RACING VILLALBES** | **50** | **26** | **15** | **5** | **6** | **48** | **28** |
| GALICIA CARANZA | 45 | 26 | 14 | 3 | 9 | 57 | 35 |
| C.F. DUMBRIA | 43 | 26 | 13 | 4 | 9 | 39 | 42 |
| C.D. CALASANZ "B" | 39 | 26 | 11 | 6 | 9 | 38 | 33 |
| BERGANTIÑOS "B" | 36 | 26 | 10 | 6 | 10 | 34 | 31 |
| SAN TIRSO S.D. "B" | 34 | 26 | 9 | 7 | 10 | 35 | 37 |
| **VIVEIRO C.F. "A"** | **33** | **26** | **9** | **6** | **11** | **35** | **40** |
| ESTRADA FB | 33 | 25 | 9 | 6 | 10 | 30 | 44 |
| R. FERROL "B" | 32 | 26 | 8 | 8 | 10 | 28 | 42 |
| URAL C.F. "B" | 32 | 26 | 9 | 5 | 12 | 33 | 39 |
| **C.D. LUGO "B"** | **25** | **26** | **7** | **4** | **15** | **33** | **51** |
| **S.C.D. MILAGROSA** | **22** | **26** | **6** | **4** | **16** | **26** | **56** |
| E.F. LALIN | 18 | 25 | 4 | 6 | 15 | 25 | 54 |
| VICTORIA C.F. "B" | 15 | 26 | 4 | 3 | 19 | 21 | 47 |
| ORILLAMAR S.D. | 13 | 26 | 4 | 1 | 21 | 20 | 66 |

### PRÓXIMA XORNADA

EF Lalín – Ural B
Viveiro – RC Villalbés
Deportivo B – Bertamiráns
CD Lugo B – Orillamar
Victoria B – Dumbria
Milagrosa – X. Oroso
Estrada – San Tirso B
Calasanz B – R. Ferrol B
Bergantiños B–G. Caranza

## INFANTIL GALEGA TÍTULO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| R. Ferrol – Deportivo | 2-7 |
| Bertamiráns – Val Miñor | 4-1 |
| Ourense CF – CD Lugo | 2-2 |
| Portero 2000 – Pabellón | 0-2 |
| Ural – Sta. Mariña | 3-1 |
| Arosa SC – Choco | 0-1 |
| RC Celta – Victoria | 8-2 |
| Montañeros – X. Oroso | 1-3 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C. DEPORTIVO | 27 | 9 | 9 | 0 | 0 | 51 | 9 |
| R.C.CELTA S.A.D. | 22 | 9 | 7 | 1 | 1 | 42 | 15 |
| PABELLON C.F. | 22 | 9 | 7 | 1 | 1 | 24 | 12 |
| BERTAMIRANS F.C. | 20 | 9 | 6 | 2 | 1 | 30 | 15 |
| OURENSE C.F. | 15 | 9 | 4 | 3 | 2 | 24 | 18 |
| **C.D. LUGO** | **15** | **9** | **4** | **3** | **2** | **19** | **19** |
| VAL MIÑOR | 14 | 9 | 4 | 2 | 3 | 22 | 23 |
| X. OROSO | 12 | 9 | 3 | 3 | 3 | 19 | 18 |
| C.D. CHOCO | 9 | 9 | 2 | 3 | 4 | 9 | 16 |
| PORTERO 2000 | 9 | 9 | 2 | 3 | 4 | 17 | 31 |
| URAL C.F. | 8 | 9 | 2 | 2 | 5 | 16 | 24 |
| SANTA MARIÑA | 8 | 9 | 2 | 2 | 5 | 11 | 21 |
| MONTAÑEROS C.F. | 7 | 9 | 2 | 1 | 6 | 12 | 20 |
| VICTORIA C.F. | 6 | 9 | 2 | 0 | 7 | 21 | 37 |
| RACING FERROL | 5 | 9 | 1 | 2 | 6 | 22 | 37 |
| AROSA S.C. | 3 | 9 | 1 | 0 | 8 | 9 | 33 |

### PRÓXIMA XORNADA

Deportivo – Montañeros
S. Mariña – Portero 2000
Val Miñor – R. Ferrol
Choco – Ural
CD Lugo – Bertamiráns
Victoria – Arosa SC
Pabellón – Ourense CF
X. Oroso – RC Celta






## INF. GAL. DESCENSO NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Calasanz – San Tirso | 1-1 |
| Conxo – Milagrosa | 3-2 |
| G. Caranza – At. Riveira | 0-4 |
| Residencia – Bergantiños | 2-4 |
| Lalín – Imperator | 2-0 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| E.F. LALIN | 29 | 9 | 6 | 1 | 2 | 21 | 11 |
| GALICIA CARANZA | 29 | 9 | 6 | 2 | 1 | 17 | 8 |
| C.D. CONXO | 28 | 9 | 5 | 2 | 2 | 25 | 12 |
| SAN TIRSO S.D. | 28 | 9 | 4 | 3 | 2 | 19 | 16 |
| BERGANTIÑOS C.F. | 25 | 9 | 5 | 1 | 3 | 27 | 14 |
| C.D. CALASANZ | 21 | 9 | 3 | 2 | 4 | 20 | 20 |
| IMPERATOR O.A.R. | 20 | 9 | 4 | 2 | 3 | 30 | 10 |
| AT. DE RIVEIRA | 16 | 9 | 3 | 0 | 6 | 20 | 23 |
| **S.D. RESIDENCIA** | **8** | **9** | **1** | **1** | **7** | **7** | **39** |
| **MILAGROSA** | **3** | **9** | **1** | **0** | **8** | **9** | **42** |

### PRÓXIMA XORNADA

Residencia – EF Lalín
Calasanz – Milagrosa
G. Caranza – Bergantiños
San Tirso – Imperator
Conxo – At. Riveira

## INF. GAL. DESCENSO SUR

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| ED Arousa – Calasancio | 1-0 |
| CD Areosa – ED Ourense | 3-1 |
| Porriño – Coruxo | 2-2 |
| Salgueiriños – Alondras | 1-1 |
| Pabellon P. – R. Bouzas | 2-2 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| E.D. OURENSE | 35 | 9 | 7 | 0 | 2 | 17 | 11 |
| E.D. AROUSA S.D. | 27 | 9 | 6 | 0 | 3 | 15 | 11 |
| SALGUEIRIÑOS | 27 | 9 | 5 | 1 | 3 | 8 | 8 |
| PORRIÑO C.F. | 25 | 9 | 5 | 2 | 2 | 20 | 10 |
| C.D. AREOSA | 25 | 9 | 4 | 2 | 3 | 17 | 14 |
| ALONDRAS C.F. | 25 | 9 | 3 | 3 | 3 | 16 | 15 |
| **C.P. CALASANCIO** | **16** | **9** | **3** | **2** | **4** | **11** | **14** |
| CORUXO F.C. | 14 | 9 | 3 | 2 | 4 | 12 | 13 |
| RAPIDO BOUZAS | 11 | 9 | 1 | 2 | 6 | 13 | 18 |
| PABELLON PROM. | 6 | 9 | 0 | 2 | 7 | 7 | 22 |

### PRÓXIMA XORNADA

Salgueiriños – Pabellón
ED Arousa – ED Ourense
Porriño – Alondras
Calasancio – R. Bouzas
CD Areosa – Coruxo




# De novo, un penalti polémico tombou ao Lugo no Requexón

**IGUAL QUE NA TEMPADA PASADA** o Real Oviedo impúxose por un gol a cero tras desnivelar o marcador dende os once metros



Héctor medíndose cun dianteiro ovetense no partido de ida

Real Oviedo e Lugo repetiron o guión do encontro disputado a pasada tempada na Cidade Deportiva O Requexón. No pasado curso os lucenses visitaban ao que por entón era líder da División de Honor xuvenil. Un Oviedo que se impuxo por un gol a cero e, como nesta ocasión, tras romper o cero a cero cun gol de penalti moi protestado polos lucenses.

Tan só dous xogadores repetiron a experiencia. Dani Real, que o sábado partiu desde o once inicial e o ano pasado entrou na segunda parte, e Casariego, titular nos dous encontros e protagonista neste último ao vivir en primeira persoa o penalti, xa que o colexiado sinalou os once metros tras un balón que lle rebotou no brazo a vinte minutos do final.

Ata entón, o Oviedo tivo o balón e as ocasións máis claras nos primeiros corenta e cinco minutos nos que o porteiro Brais foi o xogador máis destacado e o artífice de que se chegase ao descanso con cero a cero inicial no marcador.




**Arbitro:** Esteban Castrillejo Martínez **Campo:** Instalacións Deportivas El Requexón. Oviedo

**"Se vió un partido muy igualado que se desniveló en el marcador por un penalti más que dudoso"**
MIGUEL MATEOS CD Lugo

**2**

**DEBUTS** A longa lista de participantes esta tempada do Lugo na División de Honra xuvenil uníronse o defensa Vila e o centrocampista Porto.

**3**

**XORNADAS RESTAN** para o remate da competición. O Lugo disputará dous encontros, na casa, ante Ural e Val Miñor e un a domicilio, en Cantabria, ante o Colindres dentro de quince días

Primeiro detivo cunha boa intervención un disparo cruzado e pouco despois un lanzamento de penalti no que adiviñou as intencións do lanzador asturiano. Pola súa banda ,o Lugo, que se defendeu con orde, tivo pouca presenza en ataque na primeira parte, tan só cun disparo cruzado de Xabi Domínguez que se marchou desviado.

O Oviedo intensificou o dominio na segunda parte pero sen dispoñer de ocasións claras ante un Lugo que acumulaba moitos xogadores por detrás do balón. Os minutos pasaban e o cero a cero mantiñase ata que chegou a acción do penalti. Un rexeitamento deu na man de Casariego e o colexiado sinalou a pena máxima ante as protestas da expedición lucense.

Na recta final o Lugo quixo estirarse pero tan só dispuxo dunha ocasión para empatar cun saque de falta lateral de Pera á que non chegou por moi pouco Jesús.

**Próxima xornada**

Penúltimo encontro da tempada para o Lugo na casa o próximo fin de semana. Os de Álex Antón recibirán ao Ural, a gran revelación da tempada na División de Honor xuvenil ,antes de visitar ao Colindres e despedir o curso, de novo como local e nun derbi Galego ante o Val Miñor.

### TROFEO JORGE TATO
XUVENIL SUPERIORES

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| **VELOSO** | Residencia | 12 |
| **ÁLEX RAMOS** | CD Lugo | 10 |
| **CHRISTIAN** | CD Lugo | 10 |
| **DAVID LÓPEZ** | RC Villalbés | 10 |
| **JAIRO** | Viveiro CF | 10 |
| **JORGE** | Calasancio | 7 |
| **MOREDA** | RC Villalbés | 7 |
| **NICO** | Calasancio | 6 |
| **YAGO** | CD Lugo B | 6 |
| **FONSECA** | Residencia | 6 |
| **BATALLÓN** | Residencia | 6 |
| **GABARRE** | CD Lugo | 5 |
| **XABI D.** | CD Lugo | 5 |
| **DANI A.** | CD Lugo B | 5 |
| **CONDE** | Residencia | 5 |
| **CARLOS** | Viveiro CF | 5 |
| **JUAN** | Viveiro CF | 5 |
| **JORDI** | Calasancio | 4 |
| **VIDAL** | CD Lugo | 4 |
| **XABI B.** | CD Lugo B | 4 |
| **LIS** | CD Lugo B | 4 |
| **ÓSCAR** | RC Villalbés | 4 |
| **REIGOSA** | Residencia | 4 |
| **PABLO C.** | Viveiro CF | 4 |
| **JORGE** | Viveiro CF | 4 |
| **BORJA** | Viveiro CF | 4 |
| **SERGI** | Calasancio | 3 |
| **PABLO** | Calasancio | 3 |
| **SCHUSTER** | CD Lugo | 3 |

### Regularidade
XUVENIL SUPERIORES

| Xogador | Equipo | P. |
|---|---|---|
| **ANXO** | RC Villalbés | 31 |
| **JUAN** | Viveiro CF | 30 |
| **XABI B.** | CD Lugo B | 21 |
| **JAIRO** | Viveiro CF | 18 |
| **RARES** | RC Villalbés | 17 |
| **GARCÍA** | Residencia | 17 |
| **CONDE** | Residencia | 17 |
| **ÁLEX** | Calasancio | 16 |
| **SERGI** | Calasancio | 16 |
| **MACLY** | Viveiro CF | 16 |
| **XOEL EIJO** | Viveiro CF | 16 |
| **JORGE** | Calasancio | 15 |
| **PORTO** | CD Lugo B | 15 |
| **ÓSCAR** | RC Villalbés | 15 |
| **PABLO D.** | Residencia | 15 |
| **ÁNGEL** | Residencia | 15 |
| **YAGO** | Viveiro CF | 15 |
| **ANDRÉS** | Calasancio | 14 |
| **IAGO** | Calasancio | 13 |
| **IVÁN** | Viveiro CF | 13 |
| **RUBÉN** | CD Lugo B | 12 |
| **NOEL** | RC Villalbés | 12 |
| **MOREDA** | RC Villalbés | 11 |
| **ABEL** | Calasancio | 10 |
| **JUAN** | Calasancio | 10 |
| **NICO** | Calasancio | 10 |
| **REY** | CD Lugo B | 10 |
| **SAMUEL** | RC Villalbés | 10 |
| **FONSECA** | Residencia | 10 |
| **ANDER** | Residencia | 10 |

### Pichichi
CADETE SUPERIORES

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| **BRIAN** | CD Lugo | 17 |
| **GABRIEL** | RC Villalbés | 16 |
| **LUIS** | Viveiro CF | 14 |
| **PÉREZ** | CD Lugo | 9 |
| **SAMU** | CD Lugo | 8 |
| **BORJA** | CD Lugo B | 7 |
| **IAGO GESTO** | RC Villalbés | 7 |
| **YAGO** | SCD Milagrosa | 6 |
| **DENÍS** | SCD Milagrosa | 6 |
| **TRASI** | Viveiro CF | 6 |
| **MANU** | CD Lugo | 5 |
| **CASTRÍN** | CD Lugo | 5 |
| **LEO** | CD Lugo B | 5 |
| **GABI** | RC Villalbés | 5 |
| **ASIER** | CD Lugo | 4 |
| **MICHI** | CD Lugo B | 4 |
| **CADRA** | RC Villalbés | 4 |
| **RAÚL L.** | RC Villalbés | 4 |
| **DIEGO C.** | SCD Milagrosa | 4 |
| **JAVI** | CD Lugo | 3 |
| **ROSÓN** | CD Lugo | 3 |
| **BORJA** | CD Lugo | 3 |
| **NODAR** | CD Lugo B | 3 |
| **FREIRE** | CD Lugo B | 3 |
| **RAFA** | SCD Milagrosa | 3 |
| **LOUREIRO** | Viveiro CF | 3 |
| **MICHI** | CD Lugo | 2 |
| **GABRI** | CD Lugo B | 2 |
| **LUIS** | CD Lugo B | 2 |
| **HUGO** | CD Lugo B | 2 |

### Regularidade
CADETE SUPERIORES

| Xogador | Equipo | P. |
|---|---|---|
| **MIGUEL** | SCD Milagrosa | 35 |
| **LUIS** | Viveiro CF | 32 |
| **TRASI** | Viveiro CF | 28 |
| **CADRA** | RC Villalbés | 24 |
| **YAGO** | SCD Milagrosa | 24 |
| **PAJÓN** | SCD Milagrosa | 23 |
| **DANI** | RC Villalbés | 22 |
| **GABRIEL** | RC Villalbés | 18 |
| **CABADO** | RC Villalbés | 18 |
| **BOIXET** | Viveiro CF | 18 |
| **ALEJANDRO** | Viveiro CF | 16 |
| **GABI** | RC Villalbés | 14 |
| **RAÚL C.** | RC Villalbés | 12 |
| **NOEL T.** | RC Villalbés | 11 |
| **RAFA** | SCD Milagrosa | 11 |
| **RAÚL** | SCD Milagrosa | 11 |
| **NOVO** | Viveiro CF | 11 |
| **MANEL** | CD Lugo B | 10 |
| **BRAIS** | SCD Milagrosa | 10 |
| **DENIS** | SCD Milagrosa | 10 |
| **PABLO** | Viveiro CF | 10 |
| **XOEL IRIMIA** | CD Lugo B | 9 |
| **ÁLEX** | Viveiro CF | 9 |
| **JUAN** | SCD Milagrosa | 7 |
| **LUCAS** | Viveiro CF | 7 |
| **BORJA** | CD Lugo B | 6 |
| **I. GESTO** | RC Villalbés | 6 |
| **MARTÍN** | RC Villalbés | 6 |
| **CABARCOS** | SCD Milagrosa | 6 |
| **ROBER** | SCD Milagrosa | 6 |

### Pichichi
INFANTIL SUPERIORES

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| **AYMAN** | CD Lugo | 16 |
| **PÉREZ** | CD Lugo | 12 |
| **NACHO** | Calasancio | 9 |
| **MOHA** | CD Lugo | 9 |
| **DÍAZ** | Calasancio | 7 |
| **DANI** | CD Lugo | 6 |
| **ALONSO** | Residencia | 5 |
| **MARCO** | CD Lugo | 4 |
| **LEO** | Milagrosa | 4 |
| **MANU** | Residencia | 4 |
| **CEREIJO** | Calasancio | 3 |
| **BUIDE** | CD Lugo | 3 |
| **ANTÓN** | CD Lugo | 3 |
| **BRUNO** | Milagrosa | 3 |
| **YOUNESS** | Calasancio | 2 |
| **DAVID** | Milagrosa | 2 |
| **ERIC** | Residencia | 2 |
| **JAVI** | Calasancio | 1 |
| **MARIÑO** | Calasancio | 1 |
| **LAMUS** | Calasancio | 1 |
| **JUAN** | Calasancio | 1 |
| **DALAMA** | Calasancio | 1 |
| **CARMEN** | Calasancio | 1 |
| **IKER** | CD Lugo | 1 |
| **DANI G.** | CD Lugo | 1 |
| **ROSÓN** | CD Lugo | 1 |
| **AHÍTO** | Milagrosa | 1 |
| **HUGO** | Milagrosa | 1 |
| **RAÚL** | Milagrosa | 1 |
| **JULIO** | Residencia | 1 |

### Regularidade
INFANTIL SUPERIORES

| Xogador | Equipo | P. |
|---|---|---|
| **CEREIJO** | Calasancio | 35 |
| **LEO** | Milagrosa | 26 |
| **MARCOS** | Milagrosa | 23 |
| **B. VASCO** | Milagrosa | 18 |
| **BUIDE** | CD Lugo | 17 |
| **GONZALO** | Milagrosa | 17 |
| **ALVITE** | Residencia | 17 |
| **MAEL** | Residencia | 17 |
| **HUGO** | Milagrosa | 16 |
| **TONI** | Calasancio | 15 |
| **DÍAZ** | Calasancio | 14 |
| **MOHA** | CD Lugo | 14 |
| **HUGO P.** | Residencia | 14 |
| **NACHO** | Calasancio | 13 |
| **MANU F.** | CD Lugo | 13 |
| **ROSÓN** | CD Lugo | 13 |
| **MARCO** | CD Lugo | 13 |
| **BRAIS** | Milagrosa | 13 |
| **AMIN** | CD Lugo | 12 |
| **MANU FDEZ.** | Residencia | 12 |
| **LAMÚS** | Calasancio | 11 |
| **CARMEN** | Calasancio | 10 |
| **IAGO** | Calasancio | 10 |
| **DANI** | CD Lugo | 10 |
| **DAVID** | Residencia | 9 |
| **DENÍS** | Calasancio | 8 |
| **BRAIS M.** | Calasancio | 8 |
| **JUAN** | Calasancio | 8 |
| **DIEGO** | CD Lugo | 8 |

# A lóxica impúxose na Cheda e o Lugo B despega na táboa

**CUARTA VITORIA CONSECUTIVA DOS ALBIVERMELLOS** que son as mesmas que acadaran nas primeiras 22 xornadas. Os de Mourelos poñen xa terra de por medio co descenso



David Guitián asinou o catro a cero cun golazo de vaselina




**Arbitro:** Jesús Adan, Yeicis Omal e José Luis Fraga **Campo:** A Cheda



Xabi Becerra impoñéndose nun balón dividido ante Ramos

Cuarta vitoria consecutiva para o Lugo B, as mesmas que nas primeiras 22 xornadas na Liga Nacional xuvenil. Catro triunfos nos que os números falan por si sos; 14 goles a favor e tan só tres en contra.

Ante o Santa Mariña era a cita sinalada para dar o golpe prácticamente definitivo. O Lugo B puxo sobre o tapete ao seu equipo de gala na Cheda, onde aproveitou as dimensións do terreo de xogo para facer posesións longas coas que esgotou a un Santa Mariña que perseguiu sombras detrás do balón na primeira parte e pagouno na segunda.

**OS MELLORES**

| CD LUGO B | |
|---|---|
| REY | 3 |
| ANDER | 2 |
| MARTÍN | 1 |

Sen atacar ao tolo, o Lugo B dispuxo na primeira parte de ocasións claras por medio de Guitián, Ramos ou Martín, pero o un a cero fíxose de rogar ata que, no último minuto,Álex Ramos rematou ao fondo das redes un centro de Dani Vidal.

Na segunda parte, nada máis empezar, aos tres minutos, Christian fixo o dous a cero co que o Santa Mariña quedou tocado e afundido.

En pleno monólogo local Martín sumouse á festa co tres a cero antes de que David Guitián , co seu terceiro gol na Liga Nacional, pechase o marcador co definitivo catro a cero.

> "Grupo de xogadores con moita marxe de mellora e gran potencial. A maiores gústalles adestrar" CASTRO Lugo B



Christian tras deixar no chán a un rival, co balón controlado

# Remontada ao grande en Nigrán

**O RÁCING VILLALBÉS DÉULLE A VOLTA AO 2-0 CO QUE SE CHEGOU AO DESCANSO** nunha espectacular segunda parte na que os de Cholas varreron do campo ao Val Miñor B



Clemente golpeando o balón nun encontro no Roca




**Arbitro:** Pablo Álvarez, Ramón Martín e Miguel Merino **Campo:** Condominguez, Nigrán

> "Tras una primera parte floja demostramos carácter y orgullo para acabar mereciendo la victoria en una segunda mitad en la que fuimos superiores" CHOLAS Rácing Club Villalbés

O Rácing Villalbés volveu á senda da vitoria trala derrota no derbi da pasada xornada ante o Lugo B cunha gran remontada na segunda parte en Nigrán tras adiantarse o Val Miñor na primeira parte con dous goles.

O Rácing non foi fiel ao seu estilo nos primeiros corenta e cinco minutos nos que os de Cholas apenas se asomaron pola área rival, mentres que os locais aproveitaron un erro de vulto na marca tras un saque de esquina para facer o un a cero. Ao fío do descanso, un penalti pitado a Nico tras unha carga legal supuxo o dous a cero.

**OS MELLORES**

| RC VILLALBÉS | |
|---|---|
| RARES | 3 |
| MOREDA | 2 |
| CASTRÍN | 1 |

No intermedio, Cholas conseguiu reactivar ao seu equipo. A entrada no terreo de xogo de Anxo déulle un plus ao medio campo chairego e o Rácing empezou a monopolizar o partido e as ocasións de gol.

Moreda recortou distancias aos dez minutos tras unha falta lateral, mentres que Samuel estrelou un balón no poste para meterlle o medo no corpo a un Val Miñor B que desapareceu completamente do terreo de xogo.

Castrín, á saída dun córner, fixo o empate a dous; Moreda o dous a tres e, logo dunha gran intervención de Clemente na que evitou o empate a tres, Iaguito sentenciou o encontro co definitivo dous a catro.

# O Calasancio fuxe da queima cun gol de Jordi

**EXCESIVO SUFRIMENTO MONFORTINO** nun encontro no que os de Rubén Núñez volveron á senda da vitoria no momento máis importante

CALASANCIO 1 | 0 CHOCO B

Goles: Jordi




**Arbitro:** Saúl López, Daniel Ramírez e Luis Pérez **Campo:** Álex Blanco, Monforte Lemos

**1ª**

**"FINAL"** gañada polo Calasancio. A segunda será na próxima xornada ante o A Seca nun duelo directo. De gañar os monfortinos meterínalle seis puntos aos pontevedreses

## "Partido incómodo que tivemos que ter sentenciado no su momento para non pasar por apuros" RUBÉN NÚÑEZ CP Calasancio

O Calasancio reaccionou cando máis falta lle facía. O partido ante o Choco B era unha final e gañouse. O da próxima xornada sera outra ante o A Seca no que os de Rubén Núñez se xogan ter un tramo final de tempada con marxe de erro ou andar pola corda frouxa sen arnés.

Ante o Choco, o partido transcorreu como se esperaba. Os monfortinos eran conscientes de como xogaría o Choco, con fútbol directo sobre as súas puntas e con rupturas ao espazo do seu medio centro referencia. O Calasancio demostrou que tiña aprendida a lección pola semana e minimizou riscos con contundencia e sen deixar espazos á contra.

**OS MELLORES**

| CALASANCIO | |
|---|---|
| SERGI | ⚽⚽⚽ |
| PABLO | ⚽⚽ |
| DAVID | ⚽ |

A ocasión máis clara do Choco chegou tras un erro de Sergi no pase que aproveitou un punta visitante para estrelar o balón no poste, pero o propio Sergi repúxose do erro fabricando a xogada do único gol do encontro na que, tras gañar a liña de fondo, serviu un pase da morte que aproveitou Jordi para inaugurar o marcador. O lateral terminou sendo unha vez máis o dono do carril esquerdo e o mellor xogador do encontro.


Jorge Fagin controlando o balón no mediocampo

Na segunda metade, o partido rompeuse un pouco máis, pero, aos dez minutos, o Choco B quedouse con dez xogadores e o Calasancio empezou a monopolizar as ocasións, sendo as máis claras para Buti, Dani e Jorge. Os monfortinos perdoaron a sentenza e terminaron sufrindo en exceso para sumar tres puntos vitais antes de disputar unha nova final en Pontevedra ante o A Seca.

# Novo exceso de relaxación

**TRALO 2-0 AO DESCANSO** a Residencia deixou escapar 2 puntos

RESIDENCIA 3 | 3 ESTRADA




**Goles:** Javi, Cumbraos e Begonte pola Residencia; Andrés e Brais Vilar (2) polo Estrada.


Javi Reigosa loitando cun rival pola posesión dun balón dividido

## "Non podemos conceder todo o que lle damos ao rival" DANI GALÁN Residencia

Ata en dúas ocasións deixou con vida a Residencia ao Estrada, que se levou parte do botín en xogo ao aproveitar as concesións dos lucenses.

Sen ser un gran partido da Residencia, os de Dani Galán tivérono na súa man co dous a cero co que se chegou ao descanso e tras volver adiantarse no marcador a falta de tan só catro minutos.

Aos vinte minutos Pedro inventouse unha xogada persoal que terminou cun pase da morte que enviou Javi ao fondo das mallas cun remate desde dentro da área. A partir de aí a Residencia precipitouse e intentou saír demasiado rápido con Veloso e Conde, levando o partido a un ida e volta que non lles interesaba.

**OS MELLORES**

| RESIDENCIA | |
|---|---|
| ANDER | ⚽⚽⚽ |
| CONDE | ⚽⚽ |
| ÁNGEL | ⚽ |

Con todo, unha aparición de Cumbraos pola banda terminou no dous a cero que asinou o lateral esquerdo antes do descanso.

O parón do intermedio desconectou á Residencia do partido, concedendo dous goles evitables. O primeiro tras unha falta ao borde da área que terminou co balón no ángulo da portería e o empate a dous tras un balón que quedou solto na área.

O Estrada concedeu unha tregua tralo empate e a Residencia con tres centrais colleu aire ata volver adiantarse cun gol de Begonte a falta de tan só catro minutos. Tempo no que os branquiazuis non conseguiron manter a renda xa que, acto seguido, o Estrada levouse parte do botín en xogo ao facer o empate a tres final nunha nova acción na que os locais concederon demasiadas facilidades.

# O Viveiro, o mellor aliado da Residencia

**DÚAS VITORIAS** nas dúas últimas xornadas ante rivais directos do conxunto capitalino

G. CARANZA 0 | 2 VIVEIRO CF




**Goles:** Juan e Carlos polo Viveiro.

## "Mucho ánimo Jorge, estaremos todos contigo" A. SERRANO Viveiro CF

Terceira vitoria consecutiva para un Viveiro que xa enlaza oito xornadas ser perder e que tan só deixou os tres puntos nun dos 14 encontros disputados na Liga Galega xuvenil. Antonio Serrano conseguiu, ata agora, que o equipo se mantivese enchufado co paso do campionato.

**OS MELLORES**

| VIVEIRO CF | |
|---|---|
| JUAN | ⚽⚽⚽ |
| IVÁN | ⚽⚽ |
| CARLOS | ⚽ |

Os celestes volveron cambiar o seu patrón de xogo, nesta ocasión explotando as subidas dos lateralis coas que desde os primeiros minutos o goteo de ocasións foi unha constante.

David cun man a man, Carlos cunha volea e dous disparos de Xabi foron a antesala do cero a un que asinou Juan cunha chegada desde segunda liña para aproveitar o rexeitamento dunha falta lateral.

Coa tranquilidade de ter o marcador a favor, o Viveiro non deixou pasar a oportunidade de poñer terra polo medio co cero a dous que chegou no último minuto ao rematar Carlos un pase de Jairo.

Xa na segunda parte, os celestes tiraron unha vez máis de solvencia e contiveron a un Caranza que apurou as súas opcións sen éxito, mentres que, á contra, David Ben tivo unha clara ocasión e Juan e Iván, en accións a balón parado, tamén acariñaron o cero a tres.

Esta nova vitoria dedicáronlla os celestes a Jorge, lesionado de menisco e que se perderá o que resta de tempada.


Pérez a punto de poñer un centro á area desde a banda


O debutante Nacho e Álex, presionando a un adversario


Rosón encarando a un xogador visitante pola banda

# O Lugo divisa máis claro o podio da Liga

**TRALA QUINTA VITORIA CONSECUTIVA** e a derrota do Ural, o terceiro chanzo da competición está a tan só seis puntos

**CD LUGO 3 - 0 SANTA MARIÑA**

**Goles:** Asier, Castrín e Samu.




**Arbitro:** David Liz Sierra, Brais García e Francisco Ibáñez **Campo:** Rodríguez Lago 1


Manu e Fonseca felicitando a Samu tralo tres a cero

Meritoria, moi meritoria a traxectoria do Lugo na División de Honor cadete na que os de Martín Murado estanse sobrepoñendo ás ausencias cun persoal moi curto co que, ademais de axudar ao filial e ao xuvenil, teñen forzas para competir na máxima categoría cadete e atopar estímulos a nivel clasificatorio cando parecía que a tempada se quedaría sen retos excesivamente pronto.

Tan só o Celta ten unha racha de vitorias mellor que o Lugo. Os lucenses, con cinco consecutivas, recortaron catro puntos nas últimas xornadas ao Ural, polo que o soño de terminar no podio da División de Honor cadete por primeira vez, esta aínda moi vivo.

Ao Lugo custoulle romper a suar e meterse no encontro ante un rival que empezou o partido co coitelo entre os dentes ao estar xogándose a permanencia. Os visitantes gañaban as disputas e as segundas opcións pero o Lugo mantívose á boia e á media hora pegou un golpe

> "Esta vitoria fainos creer un pouco máis nas nosas opcións de alcanzar o terceiro posto" MARTÍN MURADO CD Lugo

encima da mesa co un a cero que subiu ao marcador Castrín cun remate de cabeza tras un saque de esquina executado por Samu.

Unha vez que o Lugo adiantouse no marcador empezou a conter mellor ao Santa Mariña, incapaz de xerar perigo ante Demetrio polo que na segunda parte baixaron moito as súas prestacións.

Na recta final o Lugo sentenciou o partido. Primeiro co dous a cero ao rematar Asier unha falta lateral lanzada por Samu quen, tras dar as asistencias dos dous primeiros goles, puxo o broche de ouro ao seu encontro cun disparo desde a frontal da área para deixar o marcador no tres a cero final.

# As accións a balón parado condenaron ao Viveiro

**OS MARIÑAOS MERECERON MÁIS** pero dúas xogadas illadas déronlle os tres puntos ao Galicia Caranza

**G. CARANZA 2 - 1 VIVEIRO CF**




**Goles:** Luis polo Viveiro; Pedro e Elías foron os autores dos goles do Galicia Caranza

**Arbitro:** Francisco Piñón, María Sheila Rodríguez e Eduardo Morales dirixiron o encontro disputado no Municipal de Caranza.

> "Derrota dura e injusta que nos enseña la realidad en la que estamos" LUCHI Viveiro CF

**OS MELLORES**

| VIVEIRO CF |
| --- |
| LUIS |
| TRASI |
| NOVO |

**3**

**DERROTA NO 2019**
Dos nove encontros disputados este ano, o Viveiro gañou catro, empatou dous e perdeu tres

Ao Viveiro volvéronselle aparecer vellas pantasmas nesta xornada. Os de Luchi, que no que vai de ano se etaan mostrando máis sólidos nun dos seus puntos débiles como son as accións a balón parado, cederon os tres puntos en Caranza tras encaixar dous goles en dúas faltas laterais.

Á marxe disto, o partido do Viveiro foi como mínimo para puntuar. Os celestes xogaron en campo contrario e, tras encaixar o un a cero, Luís fabricou o empate que asinou Huguito. Así, aprimeira parte terminou con boas sensacións. Na segunda, ao comezo chegou o dous a un e a partir de aí foi un acoso sen derribo do Viveiro.

# A Milagrosa sufriu pero saíu con todo o botín de Leyma

**MIGUEL ASINOU O ÚNICO GOL** do encontro na primeira parte. Os de Madriles, máis vivos que nunca competición

**ORILLAMAR 0 - 1 MILAGROSA**




**Goles:** Miguel pola Milagrosa foi o autor do único gol do encontro.

**Arbitro:** Óscar Rego, Jorge Escribano e Sabrina Bertullo foron os colexiados neste encontro disputado en Leyma

> "Supimos sufrir al final del encuentro pero debimos sentenciarlo antes" MADRILES Milagrosa

**OS MELLORES**

| MILAGROSA |
| --- |
| MIGUEL |
| JUAN |
| DENÍS |

**4**

**PUNTOS SOBRE O LALÍN**
equipo que marca agora mesmo o descenso e que aínda ten que pasar por Frigsa na segunda volta

A xornada perfecta da Milagrosa comezou coa súa sufrida vitoria en Leyma ante o Orillamar e as derrotas de Lalín e Vitoria B, que deixa agora mesmo aos de Madriles con catro puntos sobre os postos de descenso que marca o Lalín e a tres do Lugo B, obxectivo a superar para evitar problemas de última hora con arrastres.

As contas da Milagrosa pasaban por gañar ao colista e saíron. Tal vez con excesivo sufrimento pero gañouse cun solitario gol de Miguel nunha primeira parte na que Yago e Diego puideron ampliar a diferenza. Na segunda metade tocou sufrir e os de Madriles fixérono para marchar de Leyma con todo o botín.


Gabriel encarando a área lucense ante Fonseca


Iago Gesto e Iago loitando en medio campo polo balón


Raúl López conduce o esférico ante o lateral Nodar

# O Lugo B pegou primeiro e resistiu o asedio final do Rácing

**HUGO ADIANTOU AOS CAPITALINOS** na primeira parte, pero Iago Gesto asinou o empate ao inicio dunha segunda metade na que o filial albivermello mantívose en pé


Javi disparando a porta ante Juanma, Gabriel e Manel

**RC VILLLABÉS 1 – 1 CD LUGO B**

**Goles:** Iago Gesto | **Goles:** Hugo




**Arbitro:** Pedro Castro, Iago Caeiro e Carlos Casas **Campo:** Estadio Roca, Vilalba


Gabriel e Juanma loitando por un balón dividido

**OS MELLORES**

| RC VILLALBÉS | | CD LUGO B | |
|---|---|---|---|
| CABADO | 3 | - | 3 |
| GABI | 2 | - | 2 |
| PEDRO | 1 | - | 1 |

O Lugo B sumou un traballado e valioso punto ante o Rácing Villalbés no derbi provincial da xornada na Liga Galega cadete. Os de Seoane, que xa se impuxeron na ida, volveron á senda llos puntos no Roca tras cinco derrotas consecutivas coas que se quedaron sen marxe de erro para non caer nos postos de descenso.

Na primeira parte o Villalbés viuse sorprendido polos capitalinos. Os de Simón Lamas non estiveron cómodos ante un Lugo B que igualou forzas cun 4-4-2 co que tivo máis presenza no medio campo, guiados por Iago López. A intensidade albivermella tamén foi máis alta polo que buscaron con máis insistencia a portería rival.

O premio chegou á media hora co cero a un que subiu ao marcador Hugo tras un man a man que parou en primeira instancia Pedro, pero o rexeitamento volveu a Hugo que, de cabeza, puxo por diante ao Lugo B.

Ao descanso o Villalbés recuperou forzas e sensacións, pero sobre todo confianza tras empatar moi pronto cun gol de Iago Gesto aos tres minutos tras unha acción marca da casa na que Cadra peiteou un saque de banda longo e Gesto fixo o resto para poñer o balón no fondo das mallas e o un a un no marcador.

A partir de aí , as tornas cambiaron. O Lugo B apertou os dentes e púxose o mono de traballo en defensa ante un Villalbés que se envorcou na busca da remontada.. Gabi e Gabriel Branco dispuxeron das ocasións máis claras pero malia que a sensación no Roca era a de que o Rácing atoparía o camiño do gol tarde ou cedo os minutos pasaron e o Lugo B mantívose en pé. Incluso chegando a soñar coa vitoria en dúas chegadas con perigo por medio de Mateo e Michi.

Ao final, reparto de puntos nun derbi cunha parte para cada equipo no que os de Seoane volveron á senda dos puntos na Liga Galega cadete, na que contan con tres de vantaxe sobre a Milagrosa e sete sobre o Lalín, equipo que marca agora mesmo os postos de descenso á Liga Autonómica cadete.

## "Non estivemos cómodos con balón na primeira parte por mor do céspede. O empate deunos confianza, e acabamos xerando ocasións para poder gañar"

SIMÓN RC Villalbés

## "Temos por diante tres adestramentos importantes e un partido a próxima fin de semana"

JOSE SEOANE CD Lugo B


Gabriel rematando a porta ante Iago e Diego


Mateo e Noel medíndose tras un balón solto no Roca


Michi protexendo o balón ante Cadra en medio campo

# Moi boa reacción tras un mal inicio

**0-0 AO DESCANSO** pero na segunda parte os de Kaiser acariñaron os puntos tras poñerse cun momentáneo 2-3

**RESIDENCIA 2 – 4 BERGANTIÑOS**

**Goles:** Alonso e Manu. | **Goles:** Javier, Víctor, Saúl e Rubén




**Arbitro:** Sadoum Bahía Saghair, Diego Rodríguez e Luis Viña **Campo:** A Cheda.

> "Primeira parte nefasta. Quedo coa reacción do equipo na segunda metade"
> KAISER Residencia

**OS MELLORES**

**RESIDENCIA**
- DIEGO
- LUCAS
- ALONSO

Partido con dúas caras completamente diferentes na Cheda, onde a Residencia se mediu co Bergantiños. O soño de seguir cun fío de vida na loita pola permanencia pasaba por sumar os tres puntos neste encontro, pero o rival foi mellor, sobre todo na primeira parte na que borrou do campo aos lucenses.

A presión alta que exerceu o Bergantiños nos primeiros minutos asfixiou á Residencia, que encaixou o cero a un aos seis de xogo. A partir de aí, os de Kaiser mantivéronse con vida á espera de que chegase o descanso, pero na recta final da primeira parte encaixaron dous goles, tras senllos erros, cos que o Bergantiños puxo terra polo medio co cero a tres co que finalizou a primeira parte.

Nos vestiarios os lucenses recuperaron forzas. Lonxe de baixar os brazos, tiraron de orgullo e ata chegaron a soñar con puntuar.

A Residencia deu un paso de xigante á fronte, cada vez que roubaba saía da presión e tiña o balón. Alonso recurtou distancias á hora de partido e Manu, cun bo remate de cabeza, fixo o dous a tres na recta final, á que o Bergantiños deixou sen emoción xa que tan só un minutos despois asinou o dous a catro final cando os lucenses buscaban o empate á desesperada.

A Residencia recibirá na próxima xornada, a primeira da segunda volta, ao Lalín nun novo encontro na Cheda


Nacho consegue levar o balón con potencia ante un adversario



Luis F. trata de levar o esférico ante a oposición dun xogador coruñés



Raúl trata de roubar co balón nun lance do partido



Lucas tírase ao chan para recuperar a pelota

# A Milagrosa acariñou os puntos en Santiago

**TRALO 2-0** inicial Mauro e Leo empataron o partido antes do descanso

**CONXO STG. 3 – 2 MILAGROSA**




**Goles:** Mauro e Leo pola Milagrosa; Jorge, Iván e Nicolás polo Conxo Santiago.

> "Tras una primera parte igualada en la segunda luchamos pero no tuvimos el premio del empate"
> MADRILES Milagrosa

**OS MELLORES**

**MILAGROSA**
- LEO
- B.VASCO
- MAURO

A Milagrosa acariñou en Santiago os puntos por primeira vez esta tempada a domicilio. Os de Madriles tiveron opcións ata o pitido final pero non atoparon o gol do empate tras igualar na primeira parte o dous a cero co que se adiantaron os composteláns.

Na primeira fase os dous equipos medironse ao comezo de tempada nas Gándaras e os de Madriles tamén se quedaron ás portas dos puntos tras caer por un gol a dous.

Nesta ocasión tras uns primeiros minutos de tenteo os locais inauguraron o marcador ao filo do cuarto de hora inicial e tan só catro minutos despois ampliaron a vantaxe ata o dous a cero cando aínda non se chegou ao ecuador da primeira parte. A Milagrosa nesta ocasión non se foi do partido e froito diso recurtaron distancias por medio de Mauro. Leo fixo o dous a dous antes do descanso cunha volea.

Na segunda parte, un gol do Conxo Santiago tras un saque de esquina desnivelou a balanza. A Milagrosa intentouno pero non atopou o camiño do gol para poder puntuar en Santiago.

# O Calasancio non mereceu que se cortara a súa xeira

**TRAS 2 VITORIAS** caeron nun encontro no que mereceron máis

**AROUSA 1 – 0 CALASANCIO**




**Gol:** Alejando polo Arousa.

> "O físico e tamén certas decisións arbitrais complicaronnos a posibilidade de puntuar neste encontro"
> MANU RODRÍGUEZ CP Calasancio

**OS MELLORES**

**CALASANCIO**
- JUAN
- TONI
- CEREIJO

O Calasancio quedouse ás portas de sumar por sú terceira xornada consecutiva puntuando tras encaixar a segunda derrota dos últimos seis encontros en Vilagarcía de Arousa.

O partido estivo marcado polo potencial físico dos locais pero o Calasancio estivo á altura en todo momento nun encontro que apenas tivo ritmo polas numerosas faltas sinaladas polo colexiado.

Dentro da igualdade que reinaba, o que se adiantase tería moito camiño percorrido e ese foi o Arousa que aproveitou un dos poucos erros defensivos do Calasancio para facer o un a cero ao cuarto de hora.

Antes do descanso, Javi tivo unha dobre ocasión para o empate e, na segunda metade, coa entrada no campo de Nacho, os de Manu Rodríguez tiveron máis presenza en ataque, dispoñendo Juan dun man a man tras un pase de Cereijo pero o porteiro local desviou o balón cos pés e os puntos quedaron en Vilagarcía.

# Empate que sabe a vitoria

## O LUGO FIXO MOITAS COUSAS BEN NUN DUELO DE ALTURAS EN OIRA onde os de Dani Galán souberon corrixir os erros sobre a marcha ao longo do encontro




**Arbitro:** Francisco Quieja, Urbano Pérez e Diego Álvarez **Campo:** Municipal de Oira

Saída esixente para o Lugo nesta xornada no Galego infantil. Os de Dani Galán visitaron ao Ourense en Oira, un campo onde esta tempada tan só gañaron o Celta na primeira fase e o Deportivo nesta segunda.

A posta en escena foi moi intensa por parte do Ourense, que se adiantou no marcador aos tres minutos tras unha falta lateral. Ao Lugo custoulle meterse no partido pero a partir do cuarto de hora inicial Dani Galán e Covi cambiaron o rumbo do encontro. Os técnicos lucenses modificaron o debuxo táctico, pasando a tres centrais e dous carrileros cos que o Lugo tivo profundidade e, ao acumular máis xogadores no medio campo, conseguiu ter o control do partido a partir da posesión do balón.

**OS MELLORES**

| CD LUGO | |
|---|---|
| MARCO | 1 1 1 |
| AMÍN | 1 1 |
| ANTÓN | 1 |

Á media hora, xa co Lugo asentado, chegou o empate a un por medio de Antón cun remate no primeiro pau dA área local.

Na recta final da primeira parte os lucenses tiveron o control do xogo e malia non ter chegadas con perigo evitaron que o Ourense tivese poder de reacción.

Na segunda parte o Lugo mantivo baixo control ao Ourense con posesións longas, obrigando aos locais ás carreiras detrás do balón e madurando o xogo ata que Moha, que volveu á titularidade e viu porta por segunda xornada consecutiva, fixo o un a dous cun remate de cabeza ao aproveitar un rexeite tras un saque de esquina.

Con todo de face, o Lugo apenas puido saborear a vantaxe, xa que tan só dous minutos despois os locais tiraron de pegada para devolver as táboas ao marcador co dous a dous tras unha perda de balón do Lugo no medio campo nunha acción que pillou descolocada á defensa.

Na última media hora o partido rompeuse, en parte polo cansanzo. O Lugo tivo menos control de balón e o partido puido caer para calquera lado. O Ourense tivo unha ocasión moi clara en boca de gol e o Lugo terminou en campo rival colgando balóns sen que ningún dos dous equipos puidese desnivelar a balanza nun duelo de alturas nesta competición.




# O Villalbés pega dobre

**O RÁCING MÉTESE EN POSTOS DE PROMOCIÓN** e gaña o average particular co Ribadeo. Os de Jandro Novoa inician a súas etapas alpinas ao grande

**RC VILLALBÉS 2 – 1 SD RIBADEO**

**Goles:** Noel e Carlos

**Gol:** Hugo




**Arbitro:** Yago Amil Castro **Campo:** Anexo Estadio A Magdalena, Vilalba

"En partidos así es cuando realmente se mejora. Fue un encuentro ante un gran rival"
JANDRO NOVOA Rácing Club Villalbés

"A falta de contundencia nas dúas áreas, costounos o partido e estanos complicando a clasificación para á promoción"
MORO SD Ribadeo

**OS MELLORES**

| RC VILLALBÉS | SD RIBADEO |
|---|---|
| BRAIS | ADRI |
| MIGUEL | DAVID |
| NOEL | HUGO |

**2º**

**POSTO** o Rácing Villabés recupera a segunda praza tras impoñerse ao Ribadeo e aproveitar o empate ente Burela e Viveiro, que precisamente serán os dous próximos rivais dos de Jandro Novoa

O Rácing Villalbés impúxose ao Ribadeo nunha vitoria que vale prácticamente catro puntos dada a igualdade que reina no alto da clasificación, xa que tralo empate a un da ida, o dous a un da volta dálle o golaverage ao Rácing.

Os de Jandro Novoa iniciaron da mellor forma posible as etapas pirenaicas que teñen por diante xa que de forma consecutiva mídense cos seus tres rivais na loita polo título Provincial e unha das tres prazas en xogo para disputar a fase de ascenso á Liga Galega infantil.

Villalbés e Ribadeo mostraron potencial na Magdalena, os mariñanos algo máis xustos físicamente con varios xogadores sen estar no seu máximo nivel, mentres que os chairegos, ata co marcador en contra, souberon xogar os seus bazas en cada momento.

Tras un inicio de partido de tenteo, con imprecisiones por ambos bandos, o Ribadeo inaugurou o marcador cun lanzamento de falta directa que executou e transformou Hugo. Con cero a un o Ribadeo tivo os seus mellores momentos e puido ampliar a diferenza, pero o Rácing saíu con vida e empató ao filo do descanso tras unha acción de Díaz pola banda dereita que culminou Noel cun certeiro remate ao fondo das mallas.

Fisicamente o Villalbés chegou máis enteiro á segunda parte, pero os de Mouro non renunciaron ao ataque e dispuxeron de dúas ocasións por medio de Inan e Migui. Con todo, a pegada correu a conta do Rácing, que nunha contra deulle a volta ao marcador don un gol de vaselina de Carlos.

A partir de aí, o Villalbés xogou as súas armas. Fixose forte en defensa e non lle importou que o Ribadeo tivese o balón, cedendo tan só unha ocasión na que Brais estivo a piques de empatar o encontro, aínda que ben é certo que o Villalbés á contra tamén o puido sentenciar.

Na próxima xornada o Villalbés visita ao Burela na Marosa e o Ribadeo recibe ao Sagrado Corazón.



Xavi a punto de golpear o balón ante Anxo na Magdalena



Xavi e Álex Gimeno diputándose o balón ante Kei



Noel anticipándose a Brais ante Migui nun lance do xogo

# A Sarriana recuperou a alegría

**OS DE RAÚL VOLVERON A SENDA DA VITORIA** tras sete encontros sen gañar no Provincial infantil. Os locais explotaron as accións a balón parado ante á Residencia B

| SARRIANA 6 | RESIDENCIA 2 |
|---|---|
| Mauro | Hugo |
| Tourón | Mosteiro |
| Nacho | Xoel |
| Pablo No | Jorge |
| Saúl Fdez. | Anxo |
| Nico | Pedro |
| Rubén | Óscar |
| Adri | Cillero |
| Carlos | Aarón |
| Xoel | Unai |
| Antoni | Santi Vélez |
| Álex | Nico |
| Fran | Noel |
| Adrián | |
| Slatel | |

**Goles:** Saúl Fernández, Rubén, Adri, Xoel e Antoni pola Sarriana; Santi Vélez (2) pola Residencia B.

**Arbitro:** Luis Pérez Wirz

A Sarriana volveu á senda da vitoria no Provincial infantil, onde non gañaba desde a terceira xornada, tamén tras vencer á Residencia B na Cheda por dous goles a catro. De inicio repetiuse o mesmo guión que na ida xa que de novo Santi Vélez inaugurou o marcador nos primeiros minutos de xogo para adiantar aos de Adrián Suárez, e como sucedeu no primeiro encontro, a Sarriana remontou.

Onte pola tarde os de Raúl fixéronο con catro goles na primeira parte na que explotaron á perfección as accións a balón parado, para chegar ao descanso con catro a dous no marcador.

Na segunda parte Adrián e Xoel ampliaron a diferenza nun partido no que a Sarriana mostrou unha das súas mellores versións no que vai de tempada.

"Tenemos que seguir peleando todos los partidos que nos quedan esta temporada por delante del mismo modo que lo hicimos a lo largo de este encuentro"
RAÚL Sarriana

"Las acciones a balón parado a lo largo de todo el partido non perjudicaron y penalizaron mucho ante un rival más físico que el nuestro"
ADRIÁN SUÁREZ SDC Residencia

Na próxima xornada a Sarriana visita o Municipal Rodríguez Lago das Gándaras onde se medirá co Lugo B, mentres que a Residencia buscará os puntos e a súa segunda vitoria nesta segunda fase ante o Becerreá na Cheda.

## CLASIFICACIÓNS

### INFANTIL Promoción Ascenso

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| SD Viveiro – Burela | 2–2 |
| RC Villalbés – SD Ribadeo | 2–1 |
| Sagrado Corazón – Lugo B | 1–5 |
| Sarriana – Residencia B | 6–2 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| SD VIVEIRO | 25 | 11 | 8 | 1 | 2 | 43 | 23 |
| RC VILLALBÉS A | 23 | 11 | 7 | 2 | 2 | 53 | 18 |
| BURELA SD | 22 | 9 | 7 | 1 | 1 | 39 | 17 |
| SD RIBADEO | 20 | 11 | 6 | 2 | 3 | 31 | 15 |
| CD LUGO B | 12 | 11 | 3 | 3 | 5 | 37 | 34 |
| SARRIANA | 12 | 10 | 3 | 3 | 4 | 25 | 30 |
| BECERREÁ | 7 | 9 | 2 | 1 | 6 | 16 | 32 |
| S. CORAZÓN | 7 | 11 | 1 | 4 | 6 | 20 | 43 |
| RESIDENCIA B | 4 | 11 | 1 | 1 | 9 | 19 | 71 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Burela - Villalbés
Ribadeo - Sagrado C.
Lugo B - Sarriana
Residencia B - Becerreá

### INFANTIL Play-Off

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| Antas – Castro | 2–3 |
| Polvorín – Ferroviaria | Merc. |
| Foz – Lourenzá | 3–7 |
| Piringalla A – Palas | 7–2 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| LOURENZÁ | 39 | 13 | 13 | 0 | 0 | 84 | 10 |
| PIRINGALLA A | 23 | 13 | 7 | 2 | 4 | 48 | 40 |
| FOZ | 21 | 12 | 6 | 3 | 3 | 32 | 13 |
| PALAS | 20 | 13 | 6 | 2 | 5 | 35 | 32 |
| CASTRO | 20 | 12 | 6 | 2 | 4 | 41 | 38 |
| CD CASTRO | 16 | 13 | 5 | 1 | 7 | 24 | 40 |
| ANTAS | 6 | 13 | 2 | 0 | 11 | 22 | 79 |
| FERROVIARIA | 1 | 12 | 0 | 1 | 11 | 17 | 56 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Ferroviaria - Antas
Lourenzá - Polvorín A
Palas - Foz
Castro - Piringalla A

### INFANTIL Torneo Delegación

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| Abuín – Piringalla B | 1–5 |
| Villalbés B – Casás | 4–2 |
| Sagrado B – Viveiro CF | 0–2 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| RC. VILLALBES "B" | 28 | 11 | 9 | 1 | 1 | 63 | 26 |
| C.P. CASÁS | 26 | 11 | 8 | 2 | 1 | 52 | 21 |
| PIRINGALLA "B" | 18 | 11 | 5 | 3 | 3 | 37 | 15 |
| VIVEIRO C.F. | 17 | 11 | 5 | 2 | 4 | 32 | 31 |
| SAGRADO C. B | 8 | 12 | 2 | 2 | 8 | 26 | 43 |
| AT. ABUÍN | 8 | 11 | 2 | 2 | 7 | 22 | 50 |
| CORGO | 6 | 11 | 2 | 0 | 9 | 21 | 67 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Piringalla B - Corgo
Casás - Abuín
Viveiro - Villalbés B

**PLAY OFF | TORNEO DELEG.**

## Tres equipos optan ao segundo posto do Play Off

O Lourenzá segue intratable con 13 vitorias nas 13 xornadas disputadas ademais de ter o primeiro posto xa asegurado. O segundo escalón, que ocupa a Piringalla, aínda está no aire xa que o Polvorín podería asaltalo ao ter un partido menos tras aprazar a mañá o encontro ante a Ferroviaria. De gañar, os de Caballero serían segundos pero na última xornada mídense co Lourenzá polo que a falta dunha cita todo segue moi aberto polo segundo posto ao que opta aínda o Foz, pese a derrota ante o Lourenzá. Aínda que dependen de terceiros, poderían ser segundos se gañan ao Palas nos Chacotes e o resto de resultados lles son favorables.

## Pichichi
CADETE PROVINCIAL

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| SAMU | Ribadeo | 24 |
| DANI | Burela SD | 23 |
| ISMAEL | CD Foz | 19 |
| DAVID | Sagrado | 18 |
| DHOMI | Polvorín A | 17 |
| LOMBARDÍA | Residencia A | 17 |
| MANU COUCE | Polvorín A | 16 |
| MANOEL | Residencia A | 16 |
| HAMZA | Sarriana A | 15 |
| ABUÍN | CD Foz | 13 |
| ISMA | Monterroso | 13 |
| MARTÍN | Residencia A | 12 |
| HUGO SOTO | Burela SD | 10 |
| SERGIO | CD Foz | 10 |
| CANCIO | Residencia A | 10 |
| DEL VISO | Ribadeo | 10 |
| MANU | Castro | 9 |
| SAMUEL | Polvorín A | 9 |
| ROI | Ribadeo | 9 |
| AYÁN | Sarriana A | 9 |
| JOSE | CD Foz | 8 |
| RAÚL | Monterroso | 8 |
| ÁLEX FDEZ. | Polvorín A | 8 |
| IVÁN | Ribadeo | 8 |
| MIGUEL | Ribadeo | 8 |
| LUCAS | CD Foz | 7 |
| DAVID | Polvorín A | 7 |
| VICTOR | Residencia A | 7 |
| YONI | Sagrado | 7 |
| ADRIÁN | Burela SD | 6 |
| RIVEIRA | Castro | 6 |
| IVÁN | Monterroso | 6 |
| ANDRÉS | Polvorín A | 6 |
| YOEL | Residencia A | 6 |
| BORJA | Ribadeo | 6 |
| DIEGO | Ribadeo | 6 |
| DAVID OTERO | Burela SD | 5 |

## Regularidade
CADETE PROVINCIAL

| Xogador | Equipo | P. |
|---|---|---|
| CARLOS | CD Foz | 27 |
| DANI | Burela SD | 25 |
| CANCIO | Residencia A | 23 |
| JAVI PÉREZ | Ribadeo | 22 |
| ABUÍN | CD Foz | 21 |
| ISMA | Monterroso | 21 |
| RICARDO | Sarriana A | 20 |
| DAVID | Sagrado | 18 |
| LOMBARDÍA | Residencia A | 17 |
| SAMUEL | Ribadeo | 17 |
| ADRIÁN | Burela SD | 16 |
| MANU | Monterroso | 15 |
| ANDRÉS | Polvorín A | 15 |
| DAVID OTERO | Burela SD | 14 |
| SERGIO | CD Foz | 14 |
| SAMUEL | Sagrado | 14 |
| MANU | Castro | 13 |
| ÁLVARO | CD Foz | 13 |
| ÁLEX | CD Foz | 13 |
| XES | Monterroso | 13 |
| GABI | Monterroso | 13 |
| ÁLEX FDEZ. | Polvorín A | 13 |
| IGNACIO | Polvorín A | 13 |
| SAÚL | Sarriana A | 13 |
| AYÁN | Sarriana A | 13 |
| ANXO | Burela SD | 12 |
| JOSE | CD Foz | 12 |
| PABLO | CD Foz | 12 |
| JAVI | Polvorín A | 12 |
| DEL VISO | Ribadeo | 12 |
| MIGUEL | Castro | 11 |
| IVÁN | Monterroso | 11 |
| MANU COUCE | Polvorín A | 11 |
| RAÚL | Polvorín A | 11 |
| BORJA | Ribadeo | 11 |
| DIEGO | Ribadeo | 11 |
| ROI | Ribadeo | 11 |
| YONI | Sagrado | 11 |

# Ignacio sacou dun bo apuro ao Polvorín

**VITORIA POLA MÍNIMA EN CERDEIRIÑOS** onde o Monterroso vendeu cara a derrota ante os de Caballero

**MONTERROSO 0 - 1 POLVORÍN**

**Gol:** Ignacio




**Arbitro:** Manuel Antonio García Conde **Campo:** Anexo Cerdeiriños

**OS MELLORES**

| MONTERROSO | POLVORÍN |
|---|---|
| MANU | IGNACIO |
| GABI | ALBERTO |
| RAÚL | ÁLEX LÓPEZ |

O Polvorín levouse tres puntos de Cerdeiriños ante o Monterroso cun solitario gol de Ignacio que vale o seu peso en ouro xa que os de Cabaleiro manteñen o pulso coa Residencia na loita polo título Provincial.

Os de Montirón seguen dependendo deles mesmos, pero por diante quedan cinco partidos cunha escala na Cheda que se presenta clave. O Polvorín ten o average en contra tralo cero a dous coa Residencia no partido de ida pero tamén é certo que os de Caballero xa xogaron ante o Ribadeo e á Residencia aínda lle queda a complicada saída ao Pepe Barrera.

Para manter intactas as opcións, o Polvorín tivo que poñerse o mono de traballo ante o Monterroso. Un equipo moi ben armado e que lle cedeu o balón aos capitalinos pero que pechou filas en defensa para non conceder ocasións claras de gol.

Gabi meteulle o medo no corpo ao Polvorín cunha contra pero, no ecuador da primeira parte, Ignacio sacouse da chisteira unha gran acción individual na que, tras driblar a dous defensas amagando o disparo, puxo o balón lonxe do alcance de Kevin asinando o cero a un.

O gol evitou que o Polvorín se acelerase e deixase máis espazos para as contras. Os de Caballero seguiron coa posesión pero sen ansiedade. Tralo paso polos vestiarios, o Monterroso tivo os seus mellores minutos nos que Raúl acariñou o empate cun gran lanzamento de falta directa.

Aos poucos o Polvorín recuperou o mando aínda que o guión do partido foi cambiando ata ser os de Montirón os que apostaron polo repregamento e as contras. En dous delas o Polvorín puido sentenciar o encontro por medio de Dhomi, pero o Monterroso chegou con opcións de puntuar ao tramo final no que Álex mantivo á boia aos capitalinos mostrando moita seguridade na área, especialmente nas accións a balón parado para manter o cero a un ata o asubío.


Raúl golpea o balon ante David no partido de ida

> "Quedámonos coa sensación de estar tan preto, e á vez, tan lonxe" ADRIÁN VÁZQUEZ Monterroso

> "Tres puntos muy importantes al imponernos ante un gran rival" CABALLERO Polvorín

# Ayán asinou o empate en dúas ocasións

**PABLO E ÁLEX** adiantaran ao Foz

| FOZ 2 | SARRIANA 2 |
|---|---|
| Álvaro | David |
| Álex | Davis Vázquez |
| Diego | Richi |
| Carlos | David |
| Mateo | Munir |
| Sergio | Gallego |
| Ricardo | Saúl |
| José María | López |
| Pablo | Somoza |
| Abuín | Hamza |
| Jose | Ayan |
| Adan | Fabio |
| Lucas | Cao |
| Joel | Michi |

**Goles:** Álex e Carlos polo Foz; Ayan (2) pola Sarriana

**Arbitro:** David Méndez Moreda

Reparto de puntos no Municipal entre o Foz e a Sarriana nun partido no que os mariñaos se adiantaron en dous ocasións. Os de Edgar, da man de Ayán, conseguiron salvar un punto aínda que durante moitas fases do encontro mereceron os tres en xogo.

O tramo inicial do partido estivo marcado polo un a cero que asinou Pablo aos cinco minutos de partido. A partir de aí entrouse nunha fase de interrupcións polas faltas que propiciaron que o xogo non tivese continuidade, pero a Sarriana foise facendo co balón e o dominio do partido aos poucos.

Antes do descanso Ayán acudiu á súa primeira cita co gol para asinar o empate a un, pero na segunda parte repetiuse o guión dos primeiros corenta minutos. O Foz volveuse a adiantar cun remate de Álex tras unha nova xogada a balón parado e Ayán acudiu ao rescate dos puntos para a Sarriana ao culminar unha contra tras un roubo de Hamza en campo propio para establecer o empate a dous que sabe mellor en Foz que en Sarria.

> "Sumar sempre é importante e neste encontro a pesar do empate final conseguimos un punto" BURUNDA Foz

> "Tenemos que mejorar la concentración defensiva en las jugadas a balón parado" ÉDGAR Sarriana

# O Ribadeo volve poñerse en pé

**VITORIA BALSÁMICA ANTE O BURELA** para coller impulso de novo na loita polo título Provincial que manteñen con Polvorín e Residencia

| SD RIBADEO 5 | BURELA SD 1 |
|---|---|
| Iñaki | Lucas |
| Miguel Andina | Balseiro |
| Brais | David Otero |
| Borja | David Orosa |
| Peña | Rafa |
| Gabri | Penelo |
| Diego | Raúl |
| Javi Pérez | Alexandre |
| Samuel | Hugo |
| Javi Andina | Azael |
| Roi | Jiménez |
| Lucas | Manu |
| Nico | |
| Álvaro | |
| Miguel | |

**Goles:** Diego (2), Samuel, Roi e Miguel polo Ribadeo; Alexandre polo Burela.

**Arbitro:** Jorge Michelena Grandío.

O Ribadeo volveuse a poñer en pé tras imponerse ao Burela no Pepe Barrera, curando da mellor forma posible as feridas que lles deixou o último encontro ante o Polvorín.

O partido foi aberto desde os primeiros minutos, cos dous equipos xogando as súas armas e con Diego co punto de mira afinado na primeira parte, xa que o centrocampista do Ribadeo inaugurou o marcador aos vinte de xogo e, tralo momentáneo empate de Alexandre para o Burela, fixo o dous a un no marcador ao fio do descanso.

Na segunda parte o Burela non puido manter o listón de esixencia dun Ribadeo que atopou moitas vías para xerar ocasións claras de perigo, ata antes de que Samuel sentenciase o partido co tres a un. Os dous últimos goles foron de Miguel Pinto e Roi.

> "Esta vitoria viunos ben para recuperarnos da derrota ante o Polvorín" COTO SD Ribadeo

> "Unha primeira parte moi ben traballada e competida, pero na segunda a nosa pasividade e apatía prexudicounos. Noraboa ao Ribadeo. Un gran equipo" RAMIRO CHAVES Burela SD

# Unha nova vitoria do líder por cinco goles a cero

## TERCEIRO ENCONTRO E SEGUNDO CONSECUTIVO A DOMICILIO no que os de Adrián Vázquez se impoñen polo mesmo resultado no Provincial

**SAGRADO CORAZÓN 0 – 5 SDC RESIDENCIA**

**Goles:** Martín Bena, Yoel, Christian, Lombardía e outro en propia porta.




**Arbitro:** José Luis Cabanas Parrado **Campo:** Municipal Rodríguez Lago 1

> "Solo estamos siendo capaces de competir durante cuarenta minutos" BRAIS ROZADOS Sagrado Corazón

> "Fixemos un bo encontro nun campo que non beneficia en nada o noso xogo" ADRIÁN VÁZQUEZ SDC Residencia

### OS MELLORES

| S. CORAZÓN | | RESIDENCIA | |
|---|---|---|---|
| SAMUEL | 3 | LOMBARDÍA | 3 |
| YONI | 2 | JORGE | 2 |
| AARÓN | 1 | JAVI | 1 |

Terceiro encontro neste Provincial cadete no que a Residencia se impón por cinco goles a cero. Ademais de ser este o segundo consecutivo a domicilio tralo cero a cinco na Ribela fai quince días.

Os de Adrián Vázquez seguen á fronte da clasificación, empatados a puntos co Polvorín e afinan a súa posta a punto de cara aos duelos directos ante os de Montirón e a visita que teñen pendente aínda ao Pepe Barrera para medirse cun Ribadeo que foi o único equipo esta tempada que conseguiu sumar os tres puntos ante os da Cheda.

Nas Gándaras, ao Sagrado Corazón fíxoselle longo o encontro, sobre todo na segunda parte na que encaixaron catro goles tras chegar ao descanso cun axustado cero a un, que asinou Martín Bena ao cuarto de hora de xogo.

A Residencia levou o peso do xogo en todo momento e dispuxo das mellores ocasións por medio de Lombardía. Con todo o Sagrado Corazón mantívose firme e conseguiu chegar ao descanso co axustado cero a un que reflectía o marcador ao término dos primeiros corenta minutos. Incluso os de Brais Rozados dispuxeron dalgunha chegada con perigo, principalmente en accións a balón parado por medio de David e Samuel.

Tralo descanso, Christian fixo o cero a dous e tan só dous minutos despois un gol en propia porta do Sagrado dilapidou as opcións dos locais.

Yoel, desde o punto de penalti fixo o cero a catro e Marcos Lombardía atopou o premio do gol para pechar a conta co cero a cinco final.

A Residencia recibirá ao Foz a próxima xornada ante de iniciar as dúas etapas alpinas nas que se xogarán a tempada. Primeiro no Pepe Barrera ante o Ribadeeo e despois ante o Polvorín na Cheda. Pola súa parte o Sagrado Corazón recibe ao Monterroso na próxima xornada na que espera volver a senda da vitoria neste Provincial cadete.



Cristian tras golpear o balón ante David; ao fondo, Brais Gómez seguindo a acción

**1º**

**POSTO** A loita polo título Provincial segue aberta para os tres primeiros clasificados. A Residencia aínda ten que visitar o Pepe Barrera e recibir ao Polvorín na segunda volta da competición

**30**

**GOLES A FAVOR** da Residencia nos nove encontros disputados no Provincial, nos que ata en tres ocasións os de Adrián Vázquez se impuxeron por cinco goles a cero



Javi Jacob e Samuel forcexean para controlar o balón



Jorge leva o esférico seguido polo xogador local David



Víctor conduce o balón á liña de fondo ante o local Jose



Jorge a piques de golpear o esférico ante o local Losada

## CLASIFICACIÓNS

### CADETE Promoción Ascenso

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| Monterroso – Polvorín A | 0–1 |
| Ribadeo – Burela | 5–1 |
| S. Corazón – Residencia | 0–5 |
| Foz – Sarriana | 2–2 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| RESIDENCIA | 24 | 9 | 8 | 0 | 1 | 30 | 7 |
| POLVORÍN | 24 | 9 | 8 | 0 | 1 | 24 | 7 |
| RIBADEO | 21 | 9 | 7 | 0 | 2 | 29 | 8 |
| SARRIANA | 8 | 8 | 2 | 2 | 4 | 11 | 19 |
| MONTERROSO | 7 | 9 | 2 | 1 | 6 | 13 | 19 |
| FOZ | 7 | 9 | 2 | 1 | 6 | 15 | 24 |
| BUIRELA | 6 | 9 | 2 | 0 | 7 | 12 | 36 |
| SAGRADO C. | 6 | 8 | 2 | 0 | 6 | 10 | 24 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Burela - Polvorín | Sarriana - Ribadeo
Residencia A - Foz | Sagrado - Monterroso

### CADETE Play-Off

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| Viveiro B – At. Abuín | 1–1 |
| Residencia B – Xove | 1–1 |
| Piringalla – Casás | 3–3 |
| Lourenzá – Becerreá | 2–2 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| XOVE LAGO | 25 | 9 | 8 | 1 | 0 | 34 | 6 |
| RESIDENCIA B | 18 | 9 | 5 | 3 | 1 | 18 | 9 |
| BECERREÁ | 15 | 9 | 4 | 3 | 2 | 34 | 21 |
| AT. ABUÍN | 14 | 9 | 4 | 2 | 3 | 15 | 14 |
| LOURENZÁ | 12 | 9 | 3 | 3 | 3 | 14 | 15 |
| VIVEIRO B | 7 | 9 | 2 | 1 | 6 | 18 | 34 |
| CASÁS | 5 | 9 | 0 | 5 | 4 | 5 | 15 |
| PIRINGALLA | 2 | 9 | 0 | 2 | 7 | 12 | 36 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Xove Lago - Abuín | Casás - Residencia B
Becerreá - Piringalla | Lourenzá - Viveiro B

### CADETE Torneo Delegación

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| Castro – Pontenova | 1–0 |
| Sarriana B – Antas | 2–0 |
| Polvorín B – RC Villalbés | 0–1 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| SP PONTENOVA | 16 | 8 | 5 | 1 | 2 | 30 | 15 |
| POLVORÍN B | 15 | 7 | 4 | 3 | 0 | 29 | 5 |
| CASTRO | 15 | 8 | 5 | 0 | 3 | 18 | 11 |
| VILLALBÉS B | 14 | 7 | 4 | 2 | 1 | 24 | 6 |
| SARRIANA B | 7 | 8 | 2 | 1 | 5 | 8 | 39 |
| ANTAS | 6 | 8 | 1 | 3 | 4 | 9 | 17 |
| FERROVIARIA | 3 | 7 | 1 | 0 | 6 | 9 | 33 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Pontenova - Ferroviaria | Antas - Castro
Sarriana B - Vilallbés B

**PLAY OFF | TORNEO DELEG.**

## Todos os partidos desta xornada de Play Off remataron con empate

O máis beneficiado diso foi o Xove Lago, líder da competición que se presentou na Cheda para medirse coa Residencia, segundo clasificado e que quería poñer a proba a imbatibilidade dos mariñanos.

O Xove Lago chegaba con pleno de vitorias nas oito xornadas disputadas pero na Cheda a Residencia B rabuñou un empate cun gol de Alejandro Goas na recta final do encontro.

No resto de partidos, empate a un entre Viveiro B e Abuín. Táboas tamén no Lourenza- Becerreá a dous goles e empate a tres no derbi capitalino entre Piringalla e Casás, que igualou Sami cun gol no desconto.

## Pichichi
XUVENIL PROVINCIAL

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| ANXO | Milagrosa | 20 |
| ABELLA | Sarriana | 16 |
| BORJA | Castro | 13 |
| IAGO | Polvorín FC | 13 |
| NANO | Milagrosa | 11 |
| MARCO | Milagrosa | 11 |
| GUNDÍN | Sagrado | 10 |
| DAMIÁN | Becerreá | 9 |
| IVÁN GARCÍA | Ribadeo | 9 |
| DIEGO | San Ciprián | 9 |
| J. ANTONIO | Becerreá | 8 |
| VÍCTOR | Foz | 8 |
| NEIRA | Milagrosa | 8 |
| ALBERTO | Polvorín FC | 8 |
| ABEL | Villalbés B | 8 |
| JAVI | Becerreá | 7 |
| ÁLEX | Castro | 7 |
| IVANILSON | San Ciprián | 7 |
| GABRI | Villalbés B | 7 |
| SANTÍN | Becerreá | 6 |
| RAÚL | Castro | 6 |
| SPEEDY | Polvorín FC | 6 |
| JORGE | Ribadeo | 6 |
| FLY | San Ciprián | 6 |
| TORITO | Castro | 5 |
| EDILSON | Foz | 5 |
| JHOSEBA | Foz | 5 |
| MARCO | Sarriana | 5 |
| ÁNGEL | Villalbés B | 5 |
| NACHO | Castro | 4 |
| JORGE | Castro | 4 |
| MÁNGEL | Castro | 4 |
| YERAI | Foz | 4 |
| JORGE | Foz | 4 |
| XOEL | Milagrosa | 4 |
| JAVI PORRAL | Polvorín FC | 4 |
| CASANOVA | Ribadeo | 4 |

## Regularidade
XUVENIL PROVINCIAL

| Xogador | Equipo | P. |
|---|---|---|
| SPEEDY | Polvorín FC | 33 |
| JORGE | Foz | 24 |
| HUGO | Sagrado | 23 |
| DIEGO | San Ciprián | 23 |
| ADRIÁN | Castro | 22 |
| RAÚL | Castro | 22 |
| BORJA | Castro | 22 |
| ÁLEX | Polvorín FC | 21 |
| ANXO | Milagrosa | 20 |
| IAGO | Polvorín FC | 20 |
| SANTÍN | Becerreá | 19 |
| ÁLEX | Ribadeo | 19 |
| ABELLA | Sarriana | 18 |
| IAGO | Villalbés B | 17 |
| ÁLEX | Foz | 16 |
| PLATAS | Sagrado | 16 |
| VÍCTOR | Foz | 15 |
| HUGO | Ribadeo | 15 |
| EDGAR | Sarriana | 15 |
| IVÁN | Becerreá | 14 |
| JORGE | Castro | 14 |
| ABRAHAM | San Ciprián | 14 |
| IVANILSON | San Ciprián | 14 |
| ABEL | Villalbés B | 14 |
| HUGO | San Ciprián | 13 |
| ANDRÉS | San Ciprián | 13 |
| NICO | Villalbés B | 13 |
| JUAN | Foz | 12 |
| ADRIÁN | Sagrado | 12 |
| ÁNGEL | Villalbés B | 12 |
| DIEGO | Milagrosa | 11 |
| DIEGO | Ribadeo | 11 |
| JAIRO | San Ciprián | 11 |
| FABÍAN | Sarriana | 11 |
| MARCO | Villalbés B | 11 |
| GUNDÍN | Sagrado | 10 |
| MANU | Sarriana | 10 |
| JORGE | Becerreá | 9 |

# O Ribadeo rabuñou un punto no campo do líder

**O RÁCING VILLALBÉS MÁNTEN O PRIMEIRO POSTO EN SOLITARIO** e os de Salva quédanse a tiro de pedra dos postos de Promoción

**VILLALBÉS B 0 — 0 RIBADEO**




**Arbitro:** José Luis Cabanas Parrado **Campo:** Estadio Roca, Vilalba

> "Temos que mellorar no xogo ofensivo, sobre todo na casa, para xerar ocasións de gol" IVÁN LAMAS Rácing Club Villalbés B

> "Mui contento co rendimento dos xogadores. Ogallá poidamos seguir neste liña de competitividade" SALVA SD Ribadeo

**OS MELLORES**

| RC VILLALBÉS B | | SD RIBADEO | |
|---|---|---|---|
| CADRA | 3 | - | 3 |
| CABADO | 2 | - | 2 |
| NICO | 1 | - | 1 |

O Rácing Villalbés B segue liderando a clasificación en solitario pese a empatar en casa. Os de Iván Lamas tiveron unha boa oportunidade de sentenciar o Provincial xuvenil tralo empate da Milagrosa na Ribela, pero cunha xornada máis disputada os chairegos manteñen os dous puntos de vantaxe.

Pola súa banda os mariñaos, que son quintos, quédanse a tres puntos da Sarriana, terceiro clasificado e que marca o corte dos equipos que disputarán a fase de ascenso á Liga Galega xuvenil.

O Ribadeo levouse un punto con xustiza do Roca. Os de Salva aínda non gañaron a domicilio neste Provincial xuvenil pero sumaron un máis que meritorio empate no Roca. O encontro non foi vistoso en canto a ocasións pero si en intensidade. O Rácing B intentou que se xogase en campo rival poñendo o balón rápido con xogo directo, pero o Ribadeo estivo firme e en tres cuartos de campo mostrouse coas ideas claras con balón e intenso para gañar as segundas accións.

O capítulo de ocasións na primeira parte resúmese nun disparo afastado de Anxo que despexou Diego, mentres que polo Ribadeo Toni obrigou a lucirse a Óscar cun bo remate e Román estrelou un balón no largueiro.

Trala tregua do descanso, o Rácing Villalbés B empezou a segunda metade con moita máis intensidade, metendo ao Ribadeo no seu campo, chegando por banda pero sen atopar remates claros, polo que as aproximacións máis nítidas chegaron a balón parado. Aos poucos, os mariñaos sacudíronse a presión e ata acariñaron a sorpresa total á contra. A Toni anuláronlle un gol por fóra de xogo e ao Ribadeo tan só lle faltou un pouco máis de claridade nos últimos metros para culminar algunha contra coa que puideron levarse os tres puntos do campo do Roca.


Toni trata de anticiparse a Cabado ao borde da área


Abel a piques de golpear o esférico ante Manu e Toni


David Cube consegue marchar co balón ante Cabado

# O mestre impúxose ao alumno

**UN GOL DE SPEEDY DE FALTA DIRECTA NO ÚLTIMO MINUTO** déulles os tres puntos aos de Kubala, que adestrou a Antón Méndez nas categorías inferiores do Lugo

| SD BECERREÁ 1 | | POLVORÍN CF 2 | |
|---|---|---|---|
| Óscar | | You | |
| Sergio | | Porral | |
| Jorge | | Gorka | |
| Nacho | 2 | Martín | |
| Iago | 3 | Sebas | 1 |
| Miguel | 1 | Álex | 2 |
| Santín | | Alberte | |
| José Antonio | | Rubén | |
| Andrés | | Speedy | 3 |
| Marco | | Iago | |
| Bilal | | Suso | |
| Adriá | | Iker | |
| Pereiro | | | |

**Goles:** José Antonio polo Becerreá; Iago e Speedy polo Polvorín FC.

**Arbitro:** Manuel Antonio García Conde

O Polvorín agárrase ás súas opcións de seguir soñando coa promoción de ascenso tras impoñerse cun gol de falta directa no último minuto de Speedy. Nun encontro no que o morbo estaba nos banquiños onde se medían Antón Méndez e Kubala, vellos coñecidos xa que o agora técnico do Becerreá foi dirixido polo de Montirón nas categorías inferiores do CD Lugo.

Na primeira parte non houbo goles no Municipal xa que a loita librouse moi lonxe das áreas. O Polvorín quixo arriscar consciente de que só lle valía a vitoria pero apenas puido xerar ocasións ante un Becerreá no que tan só Jose Antonio daba sensación de perigo.

Trala tregua do descanso os dous equipos, con moi poucos cambios, empezaron a acusar o esforzo, polo que o encontro rompeuse un pouco máis e con iso chegaron as ocasións.

> "En este encuentro no tuvimos suerte en ninguno de los aspectos del fútbol" ANTÓN MÉNDEZ Becerreá

> "Partido que tivemos controlado, pero cústanos un montón facer gol" KUBALA Polvorín CF

Iago adiantou ao Polvorín pero a resposta local non se fixo de esperar e José Antonio, tras anticiparse a You cun remate de cabeza ,fixo o un a un.

Con media hora por diante o Polvorín envorcouse en busca do gol da vitoria pero este fíxose de rogar ata o último minuto no que Speedy, cun lanzamento de falta directa moi protestada polo Becerreá, puxo o balón no fondo das mallas e deulle ao seu equipo tres puntos de ouro para seguir soñando con clasificarse para a Promoción.

# O Foz perdeu unha ocasión de ouro na Veiga

## NA PRIMEIRA vitoria do San Ciprián na casa

| SAN CIPRIÁN 3 | FOZ 1 |
|---|---|
| Elías | Alonso |
| Juan | Marqués |
| Pelayo | Alexis |
| Jairo | Víctor |
| David Guillén | Álex C. |
| Abraham | Jorge |
| Diego Baltar | Jose |
| Nacho | Manu Abuín |
| Diego Luna | Edilson |
| Fly | Víctor |
| Ivanilson | Joseba |
| Hugo | Yerai |
| Ifrán | Sergio |
| Cristian | |

**Goles:** Fly e Ivanilson (2) polo San Ciprián; Jose polo Foz.

**Arbitro:** Pablo Varela Sánchez

O San Ciprián sumou a súa primeira vitoria na casa no Provincial xuvenil tras impoñerse ao Foz por tres goles a un. Un resultado que priva aos de Iván Gayol de asaltar os postos de Promoción de Ascenso á Liga Galega xuvenil.

Elías, porteiro do San Ciprián, cambiou o rumbo do encontro na Veiga ao deter un penalti con cero a cero no marcador. E acto seguido Ivanilson puxo en vantaxe aos locais.

O Foz nunca renunciou ao partido e mostrou a súa necesidade de puntos na segunda parte na que se envorcou en busca da remontada. Con todo, o San Ciprián repregouse e á contra matou o partido por medio de Fly e Ivanilson, que levaron o marcador ata o momentáneo tres a cero.

Na recta final, xa no último minuto, Jose maquillou a derrota do Foz co definitivo tres a un. Un resultado que resta opcións a un Foz que por diante ten tres saídas moi complicadas nas que os de Iván Gayol se medirán cos tres primeiros, Villalbés, Milagrosa e Sarriana.

> "Moi bo traballo dos chavales ao longo de todo o encontro"
> CHUMI San Ciprián

> "A falta de entreno séguenos condenando. O fallo do penalti e as moitas ocasións erradas non nos permitiron puntuar"
> IVÁN GAYOL Foz


Raúl trata de protexer o balón ante a presión de Róber


Xoan a piques de golpear o esférico seguido de Nacho

# O Sagrado puxo as largas nas Gándaras

## OS DE FRAN FERNÁNDEZ remontaron o cero a uno co que se adiantou o Castro na segunda parte do encontro

**SAGRADO CORAZÓN 3 – 1 CASTRO**

**Goles:** Róber, Muinelo e Gundín. | **Goles:** Borja




**Arbitro:** Francisco Ibáñez López **Campo:** Municipal Rodríguez Lago 1

**OS MELLORES**

| S. CORAZÓN | CASTRO |
|---|---|
| RÓBER | JORGE |
| HUGO | BORJA |
| MUINELO | TORITO |

O Sagrado Corazón volveu á senda da vitoria tras dúas derrotas consecutivas, as mesmas que suma agora o Castro e coas que perde comba cos postos de promoción de ascenso.

Nas Gándaras os dous equipos déronse un tempo de tenteo na primeira parte, na que aos chairegos lles custou moito romper liñas para poder crear ocasións ante un Sagrado que iniciaba a presión en tres cuartos de campo.

A ocasión máis clara dos primeiros corenta e cinco minutos chegou a balón parado, tras un saque de esquina local no que Rodrigo evitou que se rompese o cero a cero inicial antes do descanso cunha boa intervención.

Nada máis empezar a segunda parte o Castro viu porta tras un centro de Álex que colleu Borja, e cun gran reverso dentro da área enviou o balón ao fondo das mallas para asinar o cero a un.

A alegría dos visitantes durou moi pouco xa que tan só dous minutos despois Álex Gundín volveu acudir á súa cita co gol ao aproveitar un rexeitamento tras un saque de esquina para empatar o encontro.

> "Este es el camino a seguir. Talento, trabajo y diversión"
> FRAN FERNÁNDEZ Sagrado Corazón

A remontada local tampouco se fixo de esperar e foi obra de Muinelo, que estivo máis vivo que a zaga e o porteiro do Castro, mentres que a sentenza asinouna Róber ao facerse cun balón ás costas da defensa chairega, cando o Castro buscaba o empate con moitos xogadores por diante de balón.

Na próxima xornada o Sagrado Corazón visita o Pepe Barrera e o Castro recibirá á Sarriana.

# Reparto de puntos na Ribela

## SARRIANA E MILAGROSA seguen en postos de Promoción tras un duelo directo no que os capitalinos rozaron os tres puntos

| SARRIANA 2 | MILAGROSA 2 |
|---|---|
| Édgar | Róber |
| Goyanes | Pedro |
| Marco | Toño |
| Diego | Miguel |
| Anás | Fran |
| Fabián | Diego Gallego |
| Porral | Diego Ferreiro |
| Cayuela | Xoel |
| Raúl | Neira |
| Manucho | Anxo |
| Abella | Nano |
| Anxo | Carlos |
| Flores | David |
| Miqueias | Manu |
| Dieguín | |

**Goles:** Abella e Marco pola Sarriana. Neira e Anxo pola Milagrosa

**Arbitro:** Óscar Cabañas López.

Sarriana e Milagrosa, terceiro e segundo clasificado, medironse na Ribela con reparto de puntos final. Un empate que mantén aos dous equipos en postos de promoción e á Milagrosa á mesma distancia do líder, o Villalbés B, que empatou no Roca co Ribadeo.

> "Las sensaciones están siendo buenas, entrenamos bien, debutan juveniles con el sénior y el comportamiento es excelente. Pero siempre con los pies en la tierra"
> ALBERTO PÉREZ Sarriana

> "Mal en defensa en la primera parte y en la definición en la segunda"
> MANOLO COUSO Milagrosa

O encontro empezou frenético co cero a un que asinou Anxo aos cinco minutos. A resposta local chegou da man de Marco ao cuarto de hora tras rematar un córner pero a Milagrosa volveuse a adiantar cunha acción de Neira pola banda dereita.

Antes do descanso, Abella fixo o dous a dous ao transformar un penalti.

Os once metros foron protagonistas na segunda parte na que a Milagrosa marcou un que o árbitro mandou repetir. No segundo intento Édgar desviou o balón ao poste pero o colexiado entendeu que non o tocará e anulou o posterior remate.

## CLASIFICACIÓNS

### XUVENIL Promoción Ascenso

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| San Ciprián – Foz | 3-1 |
| R.Villalbés – Ribadeo | 0-0 |
| S. Corazón – Castro | 3-1 |
| Becerreá – Polvorín | 1-2 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| RC VILLALBÉS | 28 | 12 | 8 | 4 | 0 | 26 | 7 |
| MILAGROSA | 26 | 12 | 8 | 2 | 2 | 37 | 9 |
| SARRIANA | 19 | 12 | 5 | 4 | 3 | 27 | 24 |
| FOZ | 16 | 11 | 5 | 1 | 5 | 20 | 22 |
| RIBADEO | 16 | 12 | 4 | 4 | 4 | 17 | 22 |
| POLVORÍN FC | 16 | 12 | 4 | 4 | 4 | 19 | 23 |
| CASTRO | 15 | 12 | 4 | 3 | 5 | 24 | 23 |
| SAGRADO | 11 | 12 | 3 | 2 | 7 | 15 | 24 |
| BECERREÁ | 9 | 11 | 3 | 0 | 8 | 15 | 28 |
| SAN CIPRIÁN | 8 | 12 | 2 | 2 | 8 | 17 | 35 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Polvorín CF - San Ciprián · Foz - Villalbés
Ribadeo - Sagrado C. · Castro - Sarriana
Milagrosa - Becerreá

### XUVENIL Play-Off

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| Quiroga – Monterroso | 3-2 |
| San Roque – Residencia B | Xoves |
| Xove Lago – Corgo | 6-0 |
| Cospeito – Palas | 1-1 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| RESIDENCIA "B" | 21 | 10 | 6 | 3 | 1 | 39 | 13 |
| XOVE LAGO | 19 | 11 | 6 | 1 | 4 | 37 | 25 |
| MONTERROSO | 17 | 10 | 5 | 2 | 3 | 21 | 19 |
| VIVEIRO CF B | 17 | 10 | 5 | 2 | 3 | 21 | 14 |
| COSPEITO | 17 | 10 | 5 | 2 | 3 | 26 | 22 |
| SAN ROQUE | 16 | 10 | 5 | 1 | 4 | 27 | 32 |
| QUIROGA F.C. | 15 | 11 | 5 | 0 | 6 | 26 | 36 |
| C.D. CORGO | 6 | 11 | 1 | 3 | 7 | 19 | 39 |
| PALAS C.D. | 5 | 11 | 1 | 2 | 8 | 18 | 34 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Monterroso - San Roque · Residencia B - Xove Lago
Cospeito - Corgo · Palas - Viveiro CF B

### XUVENIL Torneo Delegación

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| Ferroviaria – EF Polvorín A | 3-4 |
| Pontenova – Guitiriz | 2-2 |
| Outeiro de Rei – Burela | 1-3 |
| Taboada – Lourenzá | 1-3 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| BURELA S.D. | 34 | 12 | 11 | 1 | 0 | 64 | 21 |
| E.D.LOURENZA | 31 | 13 | 10 | 1 | 2 | 61 | 22 |
| GUITIRIZ S.D. | 17 | 13 | 5 | 2 | 6 | 21 | 38 |
| SP. PONTENOVA | 16 | 13 | 5 | 1 | 7 | 34 | 30 |
| OUTEIRO DE REI | 14 | 13 | 4 | 2 | 7 | 23 | 37 |
| A.D. FERROVIARIA | 13 | 13 | 4 | 1 | 8 | 23 | 43 |
| TABOADA CF | 12 | 12 | 4 | 0 | 8 | 25 | 31 |
| EF POLVORIN "A" | 12 | 13 | 4 | 0 | 9 | 35 | 64 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Guitiriz - Ferroviaria · Burela - Pontenova
Lourenzá - Outeiro · EF Polvorín A - Taboada

PLAY OFF | TORNEO DELEG.

## O Xove Lago gaña e mete presión á Residencia B antes de visitar A Cheda no Play Off

O Xove Lago segue insistindo no primeiro posto do Play Off. Os mariñaos impuxéronse ao Corgo por seis goles a cero e quédanse a dous puntos do liderado, ainda que a Residencia B ten un partido menos que disputarán o xoves en Montirón ante o San Roque. Se deixanse algún dos tres puntos en xogo neste encontro o Xove presentaríase na Cheda a próxima xornada con opcións do asaltar o primeiro posto en solitario.

DEPUTACIÓN DE LUGO
A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE

# PIRATA

## O FUTBOLISTA LUCENSE, INTERNACIONAL SUB 19 DE FÚTBOL SALA, debuta o próximo luns en partido oficial ante Serbia no clasificatorio para o Campionato Europeo

Adrián Rodríguez 'Pirata' formouse nas categorías inferiores do Lumieira Lugo. Despois de varios anos compaxinando fútbol 11 e fútbol sala, decantouse por este último e agora o esforzo deu os seus froitos. Tras xogar esta temporada no Santiago Futsal da 2ª División da Liga Nacional e ser convocado pola Selección española Sub-19 para disputar varios partidos amistosos, o próximo luns concentrarase de novo co combinado nacional e pode facer o seu debut en competición oficial contra Serbia, no clasificatorio para o Campionato Europeo Sub-19.

**»De onde vén o alcume de "Pirata"?**
Puxéronmo na Residencia. Daquela xogaba de mediocentro e tiña o pelo rizo, dicíanme que me parecía ao Pirata Granero. Empezou como unha broma, pero quedou ata o día de hoxe.

**»Cando e onde empezache a xogar?**
O meu primeiro club foi o Lumieira Lugo. Chouri foi o meu adestrador no colexio e cando fundou o club xa entrei, sendo benxamín de primeiro ano. Estiven alí oito anos, ata cadete de segundo. En xuvenil de primeiro funme ao Prone, co que o Lumieira tiña un convenio.

**»Así que o teu primeiro contacto foi co fútbol sala...**
Si. Comecei en benxamín de primeiro ano. En alevín de segundo foi cando comecei a compaxinalo con fútbol campo, cando entrei na SDC Residencia.

**»Que recordos che quedan de cada un dos equipos nos que xogache?**
De todos saco recordos moi bonitos. O Lumieira é o club onde me criei como xogador e como persoa, débolle moito á entidade e a toda a xente coa que compartín momentos. Eramos unha xeración que, ademais de disfrutar xogando, gañou cousas importantes.
A Residencia foi onde empecei a xogar a fútbol campo, cando me empezou a chamar a atención este deporte. Aprendín moito do bo, pero tamén do malo. Vivín un descenso sendo infantil, e iso tamén suma na aprendizaxe.
No Lugo quédome con que foi unha etapa máis profesional. Aprendín cousas a un nivel máis esixente que me serviron de moito nos seguintes anos.

**»Falábasme antes de Chouri, dirías que foi o adestrador que máis che marcou?**
Todos os adestradores foron importantes, pero a verdade é que si. A día de hoxe Chouri segue presente na miña vida. Sempre estivo para axudarme en todo, tanto dentro como fóra do campo. Foi quen me criou na pista, deume moi bos consellos e nunca vou olvidar todo o que fixo por min e segue facendo.

**»Cómo foi o cambio de fútbol a fútbol sala?**
Foi unha decisión que tiven que tomar aos 16 anos, ao rematar cadete de segundo. Xogaba no Lugo e no Lumieira e tocábame escoller, porque era practicamente imposible compaxinar os estudos de Bacharelato con adestrar e xogar en dous equipos. Decanteime polo que máis me gustaba, elixín o fútbol sala e a día de hoxe creo que tomei unha boa decisión.










**»Saiche premiado nalgunha Gala Líder, tes algún recordo?**
Si. Foi na miña temporada de infantil de segundo ano, xogando co Lugo en Liga Galega. Estaba no 11 ideal e fun nomeado mellor xogador da categoría. É un recordo moi bonito, porque ademais non o esperaba, teño na casa os premios gardados.

**»Despois de toda a vida xogando en Lugo, esta é a túa primeira temporada fóra. Como valoras este ano en Santiago?**
Moi bo. Moitas das novas oportunidades que estou tendo son grazas aos meus compañeiros e técnicos. Teño moito que agradecerlles, sen eles non sería posible. Temos un gran grupo, este ano fixéronme crecer moito e aprendín de todos eles.

**»Cando comezou a túa traxectoria na Selección?**
A primeira convocatoria foi no mes de Outubro coa Sub-19. Foron dous partidos amistosos en Portugal contra a súa selección e foi unha experiencia única. Debutar con España, aínda que seña nun partido amistoso, é o soño de calquera neno despois de anos traballando.
Tiven a sorte de repetir en dúas convocatorias ata esta última, que é a cuarta. Esta ten aínda maior importancia, porque ademais de participar en outros dous amistosos con Portugal en Jaén, despois viaxamos a Georgia para xogar contra Serbia a clasificación para o primeiro Campionato Europeo da historia para a Selección Sub-19.

**»Das tres convocatorias anteriores... Que foi o que máis che sorprendeu?**
Todo o novo, todo ao que non estás habituado. Concentrarte cos mellores xogadores de España e os mellores técnicos é unha experiencia única e incrible. Eses días intento aproveitalos ao máximo, porque son cousas que pode que non se volvan repetir.

**»Quen son os teus referentes?**
Hai moitos xogadores nos que me fixo. Sempre me gustou o estilo de xogo de Álex, do Pozo. Tamén Pola ou Pito, pola súa actitude, e obviamente Ricardinho. Pensando en históricos do deporte está Alemão, que ademais tiven a sorte de adestrar con el esta pretemporada, apréndese moito de xogadores cunha traxectoria tan grande.

**»Que momento vive o fútbol sala agora mesmo?**
Todos sabemos que non está vivindo a súa mellor época. Creo que son etapas, esperamos que saia desta e que veñan tempos moito mellores para poder disfrutalo moito máis.

**»Un desexo no deportivo?**
Seguir disfrutando durante moito tempo, quédame moito por aprender. Tamén que me respeten as lesións, iso é o máis importante para o día a día.

DEPUTACIÓN DE LUGO
A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE